



# O INCIO



# GUÍA DO PATRIMONIO

## ■ PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

- NÚCLEOS RURAIS
- CASAS SEÑORIAIS E ESCUDOS
- A PARROQUIA E AS IGREXAS
- CAPELAS
- CRUCEIROS
- ARQUITECTURA POPULAR

# PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

---

## ► NÚCLEOS RURAIS

- A arquitectura dos núcleos do Concello de O Incio goza dunha gran singularidade e diversidade, así como un gran valor patrimonial tanto polas súas edificacións como pola súa disposición arquitectónica. As casas, fundamentalmente feitas de pedra e con teiros de lousa a catro augas. Destacan polas columnas cilíndricas, os corredores de madeira, os patios interiores e exteriores.
- Ligadas a determinadas vivendas pódense atopar capelas, torres e escudos, o que dá conta da época foral e dos señoríos presentes no territorio do Incio en épocas pasadas.

As casas dos labregos, dos mesmos materiais aínda que moito máis modestas, tamén contan con outras construcións vinculadas ás tarefas agrarias e forestais como hórreos, pombais, alpendres,...

A localización e distribución dos núcleos dan mostra da estreita relación do home coa natureza e da integración dos diversos usos e estatus sociais, alternando as Casas Grandes e Pazos coas vivendas labregas, igrexas e construcións complementarias como lavadoiros, bebedeiros, fontes,... que fan dos lugares de O Incio, unha visita cultural do máis fermosa.

- Ademais dos núcleos catalogados e protexidos de O Hospital e A Ferrería existen moitos núcleos de gran interese, dos que destacamos O Sobrado, Trascastró, Vila Reguenga, Vila de Cais, Pedrouzos, Saa,...

# O HOSPITAL DE INCIO

ARQUITECTÓNICO • Núcleo rural



## ■ ACCESOS:

Para chegar a O Hospital debemos saír de A Cruz do Incio pola estrada LU-642 en dirección a A Ferrería. A altura do km 17 chegaremos á Igrexa de Hospital e ao Pazo dos Quiroga, desde onde se recomenda deixar o vehículo para visitar o lugar.

## ■ ENTORNO:

O núcleo de O Hospital pódese dividir en dúas zonas. A primeira, que segue o trazado da estrada e desde a que

podemos ver a Casa dos Somoza, o Pazo dos Quiroga e a Igrexa e Torre de Hospital.

Á segunda das zonas accédese por unha pista a man esquerda vindo de A Cruz e corresponde co núcleo de casas que se sitúan nunha elevada pendente. Desde aquí podemos ver bonitos exemplos da arquitectura tradicional e o lavadoiro, así como acceder ás ouriceiras.

A aldea de O Hospital, que se atopa próxima aos 700 metros de altitude, sitúase por encima do Val do Cabe e posiblemente sexa unha das aldeas máis singulares do Concello de O Incio.

Está catalogada como Conxunto Etnográfico e Arquitectónico.

O nome da aldea procede da labor que se desenvolveu neste templo, vinculado a tratar e curar as enfermidades e danos dos veciños, camiñantes e peregrinos que por alí se achegaban.

A estrutura do núcleo rural está definida polas edificacións que se sitúan ao pé da estrada LU-644, entre as que se atopan o Pazo dos Quiroga, a Casa Nobre dos Somoza e a Igrexa e Torre de Hospital, e outra parte do núcleo máis agrupada en torno a unha estreita pista con forte pendente onde se atopan as vivendas máis tradicionais.

Na zona máis alta da aldea atopamos o lavadoiro e un camiño a man dereita desde o que poderemos ver a aldea e as serras veciñas. Por encima deste camiño chegamos a un vello souto no que podemos atopar árbores moi singulares e unha ouriceira. Existen máis ouriceiras e unha alvariza, aínda que estas non están ben conservadas.

Sen dúbida o lugar destaca pola Igrexa Románica e o conxunto que forma coa Torre e o Pazo situado nun entorno de soutos e bosque autóctono, pero tamén polas construcións máis tradicionais, onde son frecuentes os saíntes aleiros, as balconadas de madeira e ata algún pasadizo aéreo.

No núcleo de O Hospital tamén se poden atopar restos dunha calzada romana por debaixo da estrada LU-644, á altura da Casa Nobre dos Somoza.

# Pazo dos Quiroga

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Pazo



## ■ LOCALIZACIÓN:

A casa atópase enfronte á Igrexa Románica de Hospital, do outro lado da estrada LU-642, practicamente á altura do km 17.

## ■ VISITA:

A casa está pechada con un valado, polo que só se pode observar a súa estrutura exterior e os xardíns desde a estrada ou desde os camiños que hai na zona alta do núcleo de O Hospital.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

A vivenda e o entorno mantéñense en bo estado de conservación.

## ■ ÉPOCA:

Século XVII.

### ■ DESCRICIÓN:

A construción orixinal pertence ao século XVII, aínda que a casa que chega aos nosos días foi reconstruída na súa maior parte a finais do século XIX pola familia Quiroga para convertela en finca de recreo.

A casa é unha construción de forma rectangular e de grandes proporcións, feita de laxes de lousa ben asentadas e sen argamasa na súa fachada principal, tras unha mellora recente. Ten bloques de mármore do Incio nos linteis de portas e ventás, ademais de dispor nun extremo dunha coidada e ampla galería e balconada que resalta cos xardíns que rodean o caserón.

Nos xardíns da casa álzanse dúas espectaculares tuias traídas por Don Benigno Quiroga e a súa esposa dunha viaxe que realizaron a Filipinas.

Na fachada principal atópanse tres fermosos **brasóns heráldicos** do século XIX situados aos lados e baixo unha ventá, todos realizados nunha soa peza, que conta cos entronques da familia Quiroga.

A familia tamén contaba cunha sepultura de dotación na veciña Igrexa de Hospital, onde aínda se conserva unha lápida escudada que pode verse ao entrar no recinto da igrexa.

### ■ CURIOSIDADES:

Nesta casa viviu Don Benigno Quiroga y López Ballesteros, que chegou a Ministro de Gobernación durante o reinado de Alfonso XIII, e foi esposo de Julia Espín, cuxa fermosura, un tanto inalcanzable, inspirou a Gustavo Adolfo Bécquer nalgunha das súas rimas.

Tamén pasou uns anos na casa o coñecido escritor Anxel Fole, tempo que tamén aproveitou para coñecer o Concello e escribir o libro “Terra Brava”, no que fai lembranza do tempo que pasou en O Incio.

# Casa Nobre dos Somoza

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

A casa atópase a escasa distancia do Pazo de Quiroga. Levántase sobre un pequeno desnivel da estrada que leva A Ferrería desde onde se accede ás casas de O Hospital. Esta localización permítelle á súa solaina ser un miradoiro excepcional do val do Incio.

## ■ VISITA:

Esta casa pode verse perfectamente desde a estrada pois non conta con peche que nos dificulte a visión.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase alterada polas reformas e mal conservada na actualidade, aínda que mantén a estrutura completa.

## ■ ÉPOCA:

Construíuse a mediados do século XV.

### ■ DESCRICIÓN:

Os Armesto, a mediados do século XV, construíron a primitiva casa dos Somoza, aínda que aos nosos días chega a estrutura da vivenda principal modificada polas reformas posteriores.

A casa destaca máis pola importancia da súa historia que pola da súa arquitectura.

Trátase dun sinxelo edificio de planta rectangular que consta de dous andares con cuberta de lousa a catro augas. A construción foi realizada a base de muros de lousa e bloques calcarios ben labrados colocados nas esquinas das fachadas, nas ventás e portas.

A casa conserva no seu interior un bonito “parladoiro”, ademais duns artesoados e portas ben traballadas que dan proba do seu vello e recio señorío. Os baixos da casa estiveron dedicados noutros tempos á recollida das rendas que xeraban os seus subforos.

Existen unhas partixas do ano 1880 que describen a situación da casa da seguinte forma “Accédese por unhas escaleiras de mármore, situadas nun patio, que ademais dan a un corredor que a une coa casa dos caseiros ou de servizo e que ten outro patio cerrado ao sur. Tamén ten esta casa outra edificación de planta baixa que é utilizada como bodega”.

A casa tiña unha sepultura de dotación ao lado do altar da Virxe do Rosario, onde estaban labradas as armas dos Somoza.

A súa fachada sur está flanqueada por dous magníficos cipreses, ademais de contar noutros tempos cuns bonitos xardíns que hoxe están moi descoidados.

Esta casa foi propiedade do senador Don Manuel Vázquez de Parga, IV Conde de Pallares, e tamén á mesma estivo vinculado don Pastor Maseda Vázquez de Parga (fundador da imprenta Provincial, Deputado, Vicepresidente e Presidente provincial).

# Igrexa parroquial de Hospital

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa (BIC)



## ■ LOCALIZACIÓN:

Foi levantado nun belo paraxe xunto a un gran arboredo autóctono que fai de fermosa cortina natural.

Sitúase nas inmediacións da estrada LU-642, a man dereita vindo de A Cruz, de fronte ao Pazo dos Quiroga.

## ■ VISITA:

Pódese acceder a todo o entorno do conxunto da Igrexa e Torre de Hospital.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Ben conservada.

## ■ ÉPOCA:

Románico. Séculos XII - XIII.

### ■ DESCRICIÓN:

O templo parroquial é a mellor igrexa **Románica** do Concello de O Incio e das máis importantes que se poden atopar en Galicia, estando na actualidade en moi bo estado todo o entorno.

Forma parte dun conxunto monumental construído pola Orde relixiosa-militar de San Juan de Xerusalén ou da Malta en torno ao último cuarto do século XII e a primeira década do XIII, confirmada pola existencia da cruz de Xerusalén realizada nun brasón do tímpano.



Conta a lenda que o demo a construíu nunha soa noite.

A súa construción obedeceu á necesidade de contar cun templo-fortaleza, que fora lugar sagrado e de oración, pero á súa vez puidera ser utilizado como fortaleza no caso dalgún ataque tanto xeneralizado como esporádico, xa que parece que a misión que desenvolvían neste lugar era de dar asistencia hospitalaria aos necesitados que pasaban.

Todo o conxunto está feito a base de pedra calcaria e mármore da zona, de aí que exista o dito de “que desde O Incio ata Roma outra igrexa de mármore non se atopará”, situándose nun entorno paisaxístico moi salientable combinando os pasteiros cun amplo bosque autóctono.

A nave é de planta rectangular, mide pola parte interior 18 m de longo e 7'70m de ancho. Pola estrutura que ten e a súa forma todo fai pensar que nunca chegou a estar totalmente concluída na súa forma orixinal.

A ábsida é bastante máis reducida que a nave, cun primeiro corpo recto e un segundo semihexagonal que está delimitado por tres semilenzos no que, en cada un, se abre un ventanal de amplo derrame interior.

A fronte está formada por unha gran portada protexida e decorada por dúas robustas pilastras, cun arco triunfal de medio punto dobrado composto por catro arquivoltas que se atopan separadas mediante escocias con pequenas rosetas de-

corativas. Está soportado por semi-columnas que rematan en motivos decorativos distintos, unha delas ten follas e outras figuras xeométricas.

Na parte superior existe un tímpano monolítico sobre o que se atopa o **escudo** coa Cruz de Malta coroada por unha coroa real pechada.

Tamén existe outro sinxelo **escudo** que forma parte dunha lápida funeraria da Casa dos Quiroga de Hospital que está labrado nunha peza de mármore do Incio.

### **TORRE DE HOSPITAL:**

O conxunto complétase con esta torre, que se atopa entre a Igrexa e a estrada, tendo unha función defensiva para os cabaleiros sanxuanistas. Foi construída en época gótica segundo os restos que aínda se manteñen da construción orixinal. A Torre conta con porta de acceso de arco apuntado, unha ventá no lateral sur tamén de arco apuntado e outra no norte cunha pedra de armas nos arcos.

No interior da Igrexa de Hospital podemos atopar outros elementos de interese:

**Sepulcro de Frei Alonso de Quiroga:** sitúase no muro lateral norte da nave e conta cun marcado estilo gótico. A súa construción foi en mármore da comarca e nel encóntranse tres escudos, situándose a Cruz de Malta no central. Sobre os escudos existe unha inscrición en letra gótica e sobre a faixa da inscrición atópase o leito en que aparece representada a figura do Comendador, que descansa sobre almofadóns decorados con borlas. As dúas mans xúntanse para suxeitar o pomo da espada que se estende sobre a parte central da escultura. Á altura do peito, sobre a garrancha atópase esculpida a Cruz de Malta, e os pes descansan encima do lombo dun can lebreiro.

Conta a lenda que se un día se levanta esta sepultura a Igrexa caerá encima de quen a mova.

**Talla medieval da Virxe María co Neno:** esta fermosa talla pertence a finais do século XIII, representando a Virxe co neno sentado sobre o xeonllo esquerdo. Todo o grupo escultórico é de madeira e mide uns 65 cm. A Virxe está en actitude de dar o peito ao neno, ten un amplo manto que cobre dende os ombros ata os xeonllos, e debaixo unha ampla túnica que chega ata os pés.

Unha **lauda sepulcral** que ata a restauración da igrexa estivo enterrada no adro-camposanto. Pola súa forma deixa entrever a figura dunha tapa a catro augas; e

sobre elas, mediante dúas anchas franxas, debúxase unha cruz Latina. Trátase en todo caso dun resto prerrománico, cuxa cronoloxía resulta bastante incerta.

**Talla de Cristo Crucificado protogótica**, morto e cravado por catro cravos en vez de tres, o saial cóbrelle ata os xeonllos. Mide 1'70 m e posiblemente foi feita a finais do século XIII ou 1º terzo do XIV.

**Representación da crucifixión de Cristo en relevo:** está realizado en pedra e mide o bloque uns 61 cm de longo por 55 cm de ancho e 8 de grosor. É una interesantísima mostra do arte paleocristián, do que non existen demasiados antecedentes en Galicia. Foi amplamente estudada polo sacerdote e arqueólogo D. Jaime Delgado Gómez, que a data, con certas reservas, en torno ao século VI.

Preto da igrexa atopáronse restos de fortificacións e enterramentos abertos en lousa que se catalogaron como romanos, segundo Amor Meilán.


No ano 1968 realizouse unha prospección na que se atoparon restos duns sarcófagos antropoides de mármore e no ano 1988 obsérvase un sarcófago de dobre estola de granito (roca inexistente na zona), descuberta a raíz das obras de restauración da igrexa.

Tamén se atopa fóra do recinto pechado do conxunto un magnífico exemplar de castiñeiro que está a carón da entrada á igrexa, merecendo a pena pararse a ver as súas dimensións.



# A FERRERÍA DE INCIO

ARQUITECTÓNICO • Núcleo Rural



## ■ ACCESOS:

Para chegar a A Ferrería debemos saír de A Cruz do Incio pola estrada LU-642 uns 7 km en dirección a O Courel, pasando por O Hospital.

## ■ ENTORNO:

A aldea de A Ferrería só conta cun acceso rodado ao núcleo que corresponde coa ponte que hai antes do Hotel-Balneario, que veremos ao chegar á aldea.

A Ferrería conta cunhas rúas estreitas nas que non é recomendable circular con vehículos, polo que se recomenda deixalos xusto ao pasar a ponte do río Antigua e coñecer a aldea camiñando.

Segundo pasamos a ponte chegamos á Casa Pazo de A Ferrería e a unha fonte, desde a que atoparemos a maior parte das casas a man dereita.

A aldea de A Ferrería, que se atopa nunha zona de montaña, posiblemente sexa unha das aldeas máis singulares do Concello de O Incio e, ao igual que O Hospital, está catalogada como Conxunto Etnográfico e Arquitectónico.

O nome da aldea parece proceder dunha antiga siderurxia que existiu fronte ao edificio do balneario e que deixou de fundir a finais do século XIX, non existindo na actualidade ningún resto dela.



Nesta siderurxia parece que se transformaba o ferro que viña do próximo Penedo Veneiro, no que hai vestixios de labores mineiras. Neste monte existen varias galerías, algunhas con máis de 100 metros de longo.

A estrutura do núcleo rural está definida polo estreito Val do Río Antigua, que o atravesa configurando unha interesante fachada cara ao mesmo, o que lle aporta valor como exemplo da arquitectura de montaña, sendo ademais antesala do espazo natural protexido de O Courel.

A Ferrería destacou pola importancia do seu Balneario, que atraeu moitos “auguistas” polas propiedades das augas medicinais e pola tranquilidade da aldea, o que permitiu a existencia de fondas e cantinas que a día de hoxe foron desaparecendo polo peche do Hotel-Balneario.

A aldea mestura exemplos de arquitectura señorial como a Casa Pazo de A Ferrería mesturados coas humildes vivendas de labregos que recorda aos pobos “arracimados e apoiados” de O Courel.

As vivendas presentan un tipo e forma máis arcaica, onde son frecuentes os saíntes aleiros, as balconadas de madeira e ata algún pasadizo aéreo que deixan desta forma libres os camiños sen que as vivendas quedaran seccionadas.

É por esta zona onde se localiza unha primitiva vía medieval que ben puidera ser bastante anterior, quizais de orixe romano. Este camiño procedía de Quiroga, cruzaba o río Lor cerca de Santa Mariña de Folgosa para seguir por Cortes, Parada, Ferrería de Incio, Trascastro e Hospital, onde se xuntaba co suposto camiño de peregrinos que máis ben era empregado polos freires cabaleiros militares da Orde de San Juan. Outros autores sosteñen que o camiño francés era este anterior.

# Casa Pazo de A Ferrería

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

Sitúase na parte baixa da aldea, seguindo de fronte, tras cruzar a ponte que dá acceso a aldea, chegaremos á fachada da casa que ten os escudos.

## ■ VISITA:

A casa pode verse desde o exterior sen dificultade ao atoparse ao borde do camiño, aínda que non se pode acceder ao seu interior polo seu estado e ao ser propiedade privada.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Está moi mal conservada, aínda que, polo de agora, practicamente conserva íntegra a súa estrutura.

## ■ ÉPOCA:

Finais do século XV.

### ■ DESCRICIÓN:

A orixe da Casa Pazo remóntase a finais do século XV, aínda que a edificación que chega aos nosos días é principalmente dunha reforma do século XVIII.

Dedúcese, por certas reformas que se poden observar neste edificio, que debeu ser obxecto dalgún tipo de engadido ou ampliación realizada cara a mediados do século XIX, cando foi empregada como hotel durante un tempo polos condes de Campomanes. A ela acudía gran cantidade de xente a bañarse na auga milagrosa de Penas Rubias antes de que se construíra o Hotel-Balneario.

A edificación conta cunha ampla fachada de cachotería (coñécese así ao muro de laxas de lousa revocadas mediante unha capa de argamasa) na que se distinguen dúas plantas que contaban con balcóns cegos, enmarcados con bloques de mármore do Incio os da parte superior.

Do seu tellado sobresaí unha gran cheminea dos mesmos materiais que exercía a modo de calefacción ao pasar polas habitacións.

O acceso á casa realizábase a través dun amplo portalón que dá a un patio (hoxe cuberto de maleza) do que ascende unha sinxela escalinata de lousa ao que agora vén a ser unha terraza que dá entrada a un corpo máis estreito da casa, parece que de máis recente construción que o resto da edificación, deixando á dereita un patio cuberto que daba á casa de servizo.

### Escudos da Casa Pazo:

Atópanse en bastante bo estado de conservación dous pequenos escudos acuartelados en cruz situados un a cada lado da ventá da fachada sur da casa (atópanse encima da fonte que hai na entrada de A Ferrería), que parecen pertencer ao século XVIII.



No primeiro escudo, o 1º cuartel mostra as catro estacas dos Valcárcel; o 2º, a cruz dos Ribadeneira; o 3º, un león rampante, divisa dos Balboa, e no cuarto, unha flor de lis sobre ondas.

No segundo escudo repítense as tres primeiras divisas, figurando no 4º cuartel unha especie de ramaxe.

# Hotel Balneario de A Ferrería

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

Sitúase á entrada da aldea de A Ferrería, xusto ao pasar a ponte que cruza o río Antigua desde a estrada LU-642 á man dereita.

## ■ VISITA:

A edificación atópase cercada cun peche de obra, que permite ver o exterior da construción pero non o acceso ao interior.

Desde a capela pode verse, aínda que en mal estado, boa parte do recinto do Hotel Balneario.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase coas obras paradas desde fai varios anos e con ladrillo á vista na parte superior.

## ■ ÉPOCA:

Ano 1.884.

### ■ DESCRIPCIÓN:

Este antigo balneario foi construído pola Casa de Campomanes, que tamén eran propietarios de terreos e cotos de ferro no lugar, polo ano 1.884 para ser empregado como hotel para os visitantes que viñan a tomar as augas ferruxinosas.

Despois de pechar pasou por varios propietarios e reformas para un uso de hotel e balneario que o deixaron nunha situación actual deplorable, con ladrillo á vista na última planta, aínda que se pode observar a singularidade e volumes da construción inicial.

Esta edificación realizada en cachotería de pedra constaba de dous corpos laterais, con tres alturas cada unha, unidos cun amplo corpo central de dúas plantas e un faiado.

Os muros foron realizados a base de laxas e cachote, con bloque de granito en marcacións de portas e ventás. Cada corpo contaba cunha aresta corrida de granito, mentres que a teitume estaba soportada por unha cornixa biselada con bloques do mesmo material.

Cando o Hotel-Balneario estaba en funcionamento contaba con piscina para os adultos e outra para os nenos, un amplo xardín ao borde mesmo do río Antigua e unha sinxela capela.



# Fonte do Balneario

ETNOGRÁFICO • Construcción Popular - Auxiliar



## ■ LOCALIZACIÓN:

Atópase un quilómetro antes de chegar á Ferrería, vindo pola estrada LU-642 desde A Cruz do Incio, unha pista asfaltada a man dereita que deberemos seguir ata o seu final, onde se atopa a fonte.

## ■ VISITA:

A fonte é aberta por unha veciña de A Ferrería de vez en cando, aínda que actualmente non está aberta ao público.

Aínda que non se poida entrar a ver a fonte podemos observar o rego de augas ferruxinosas co seu curso tinguído na marxe esquerda da construción.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase en bastante bo estado de conservación, aínda que sen ningún uso.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

### ■ DESCRICIÓN:

A fonte das augas do Balneario atópase no interior dunha sinxela construción sen demasiado interese arquitectónico.

A construción conta con bancos na entrada e unha zona de espera no interior que dá acceso á singular fonte.

Encóntrase nunha zona de bosque en ladeira, na pequena valgada que forma o rego, moi próxima á área de protección da Rede Natura 2000 denominado L.I.C. Ancares - O Courel.

A fonte conta cun caudal de 1440 litros por minuto e sae a unha temperatura duns 8 °C. Este manancial foi declarado de utilidade pública en

1894 despois de ser as súas augas analizadas polo Dr. Casares Gil, que segundo o informe están recomendadas para o tratamento da clorose, anemias, histerismo, neurastenia e trastornos de tipo funcional.

Estas augas conteñen propiedades ferruxinosas, arsenicais, bicarbonatadas, e son apropiadas para o tratamento de anemias, estados depresivos, problemas dixestivos,...

Un dos tratamentos máis singulares e común que se realizaba con estas augas era para favorecer a fertilidade e tamén como remedio para enfermidades xinecolóxicas.

Antigamente esta auga foi embotellada e comercializada, incluso en farmacias, pero desde fai anos xa non se desenvolve esta actividade.



# LAIOSA

ARQUITECTÓNICO • Núcleo Rural



## ■ ACCESOS:

Chégase a Laiosa pola estrada LU-644 que une as vilas de Pacio do Río e A Cruz do Incio.

A altura do km 5, segundo vimos de Pacio do Río, atoparemos as primeiras casas da aldea, e polas pistas que existen a man dereita accederemos ao núcleo, onde están a igrexa e as casas señoriais.

## ■ ENTORNO:

O núcleo de Laiosa atópase nunha pequena chaira, nunha zona que mestura as hortas cos pasteiros para o gando.

Non se recomenda acceder ao núcleo de Laiosa con vehículo co fin de non entorpecer as actividades dos veciños e evitar os estreitamentos das rúas, o que permitirá gozar dun fermoso paseo polo lugar.

A aldea de Laiosa, que no seu tempo foi Vizcondado, atópase na depresión de Lemos, rodeado dunha ampla zona de pasteiros e terras dedicadas a hortas, na que se distingue perfectamente a súa estrutura arquitectónica, moi diferente das dúas aldeas anteriores.

A aldea esténdese practicamente ao longo dun quilómetro da estrada LU-644, debido á falta de limitacións naturais como sucede nas aldeas de montaña, polo que responde a outro tipo de arquitectura popular máis expandida e con casas máis cadradas e grandes.

Laiosa conta con tres grandes casas señoriais na zona máis ao sur da aldea, onde tamén se pode localizar a Igrexa, en fronte á Casa Pazo de Laiosa, situada nun pequeno outeiro polo que é visible desde gran parte da aldea.

Tamén se pode atopar un bonito lavadouro e bebedeiro para o gando preto da Igrexa, que actualmente se atopa cuberto de maleza, aínda que pode distinguirse facilmente entre camiños rodeados de muros de pedras.

A aldea tamén conta cunha arquitectura tradicional de interese, con edificacións de singular valor e con varias edificacións con columnas cilíndricas semellantes ás que se poden atopar na Casa Grande de Belesar.



# Pazo da Edra

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Pazo



## ■ LOCALIZACIÓN:

Atópase no sector sueste de Laiosa, polo que para acceder ata o Pazo recoméndase ir pola primeira rúa asfaltada a man esquerda vindo pola LU-644 desde A Cruz do Incio, que pasa por un pequeno campo de fútbol ata chegar de fronte ao portalón do Pazo.

## ■ VISITA:

A primeira imaxe que temos é o seu impresionante portalón (cunha porta que desentoa do conxunto).

Podemos ver a Torre, a súa fachada e o Escudo se seguimos cara a dereita desde o portalón.

Non se pode visitar o patio interior nin a casa ao vivir actualmente xente na mesma.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

O conxunto atópase bastante ben conservado, aínda que ten algún elemento que desentoa no conxunto.

## ■ ÉPOCA:

A inicial pertence ao século XV, aínda que a actual é do século XVII con ampliacións na primeira metade do XVIII.

### ■ DESCRICIÓN:

Sábese que foi das primeiras casas fundadas pola familia dos Somoza, contemporánea da de Martín en Bóveda, considerada a casa máis antiga de procedencia dos Somoza. Confírmalo o feito de ser identificada na maioría dos documentos antigos como “Casa Solar dos Somoza” de Laiosa, apelido que conservou ata principios deste século. Tamén se di que a casa foi fundada por un cabaleiro francés da Casa dos Borbóns, de aí o uso das tres flores de lis (divisas dos Borbóns) no brasón.

É unha edificación, non demasiado grande, de dous andares e cun patio interior.

A súa fachada é sinxela con pequenas ventás enmarcadas en granito e conta cun amplo portalón que conduce ao patio de arco de medio punto e aos lados nacen dúas columnas en laxa de lousa que sosteñen un balcón de ferro forxado.

Nun costado da fachada aséntase unha orixinal torre barroca cun carácter máis decorativo que defensivo que pode verse desde o exterior.

A casa tivo prisión e dereito de asilo nos límites das súas propiedades.

### **Escudo do Pazo de Edra:**

Pertence ao século XV e atópase na fachada noroeste do pazo, sobre o lintel da porta do balcón, en liña coa porta de acceso. É un escudo que pode verse facilmente desde a rúa a pesar de chegarnos danado.

Pode observarse nel o brazo armado brandindo unha maza, botado sobre tres flores de lis e seis dados en pau dobre de tres. Está apoiado sobre a Cruz de Santiago e decorado con lambrequíns.

Existe un segundo escudo dun só cuartel, aínda que é difícil velo xa que está moi borroso.

### ■ CURIOSIDADES:

Unha lenda conta que os Somoza empregan os dados nos seus escudos desde que nunha reunión dos cabaleiros que ían enfrontarse ao mouro sorteouse quen ía dirixir as hostes cristiás. O cabaleiro Somoza foi o que gañou e levou ás tropas cristiás á vitoria.

Outra lenda que rodeaba o escudo do portalón da casa rezaba así: *“El Somoza con su maza / con los moros embeleña/ muchos dellos despedaza / las doncellas desempeña”* recordando o rescate das cen doncelas.

# Casa Pazo de Laiosa

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

Está situada nun lugar estratéxico, nun pequeno alto dominando un extenso e fértil val cuberto de praderías, e fronte á igrexa parroquial, ao sur do núcleo de Laiosa.

Chegaremos seguindo a rúa que nos trae do Pazo da Edra cara a Igrexa.

## ■ VISITA:

A casa está pechada cun portalón e un muro de pedra bastante singular, o

que dificulta a súa visión e imposibilita o acceso ao ben, aínda que desde o portalón podemos ver o escudo na porta da casa.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Chéganos moi alterada, sendo hoxe unha casa de labranza de construción bastante recente.

## ■ ÉPOCA:

Século XV.

### ■ DESCRICIÓN:

A Casa Pazo de Laiosa foi fundada polos Lemos, que tamén eran donos dos castelos de Sober e Pantón, así como da propia xurisdición do lugar de Laiosa.

É unha casa de notables proporcións que ten rodeada toda a finca por un alto muro de pedra de considerables dimensións e con singulares piares cilíndricos.

O conxunto que atopamos na actualidade non é excesivamente notable nin demasiado antigo, polo que destaca especialmente o portalón principal que, probablemente, sexa o máis antigo do Concello de O Incio, contando cun amplo arco de medio punto e unhas doelas ben labradas de mármore.

O portalón é bastante típico dunha fortaleza, que parece ser o orixinal dos séculos XV e XVI e que deu lugar á actual casa.

#### **Escudo da Casa Pazo de Laiosa:**

O escudo, que non se atopa moi ben conservado, está situado no arco de medio punto que dá acceso á vivenda e só pode verse ao lonxe desde o portalón de acceso á finca.

Este representa os trece roeis da familia dos Lemos nunha divisa única.



# Casa Señorial dos Arechaga

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

Encontrámola no sector oeste de Laiosa, polo que para acceder podemos seguir desde a Igrexa pola mesma rúa asfaltada en dirección oeste ata a Casa.

Desde a LU-644 pasando o km 5 atoparemos un desvío a man esquerda (vindo desde A Cruz do Incio) que nos levará ata a Casa por unha pista asfaltada e estreita.

## ■ VISITA:

A Casa está en estado ruinoso e con moita maleza nos seus arredores, polo que resulta difícil poder vela.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase en estado ruinoso e cuberta de maleza.

## ■ ÉPOCA:

Trátase dunha casa do século XVII ou XVIII.

### ■ DESCRICIÓN:

O edificio principal consta de dous andares rectangulares feitos con laxas de lousa asentadas sobre barro e recubertos cunha capa de argamasa, podendo atopar no primeiro andar as cortes e as bodegas, que están abertas a un patio descuberto e a un curral cuberto. Ademais atópase alí un forno e outras dependencias.

O acceso ao segundo andar faise mediante unha escaleira exterior que remata nunha solaina, onde se atopa a porta principal do segundo andar. Neste piso é onde se encontran todas as dependencias destinadas á vivenda, intercomunicadas mediante un amplo corredor central. Conta cunha ampla cociña con cheminea en forma de embude, sostida por columnas pétreas rematadas en capiteis, tallados nun só bloque de mármore do Incio.

A casa non conta con engadidos posteriores, aínda que si conserva uns cantos apéndres separados da mesma que afean o seu aspecto exterior.

Actualmente o estado de conservación é totalmente ruinoso debido ao abandono no que se atopa polo constante efecto das goteiras. Tamén se perdeu o sobrio mobiliario de estilo isabelino e boa parte das pezas de mesa (vaixela) que eran de Sargadelos e China.

Do conxunto chama a atención o curioso portalón de acceso sostido por columnas cilíndricas en laxas de lousa e rematado nun frontón dos mesmos materiais, sobre o que se apoia o escudo. Toda esta portada está hoxe cuberta de argamasa.

### **Escudo da Casa dos Arechaga:**

O escudo, pertencente ao século XVII, está sobre o portalón de entrada ao patio da casa, aínda que se mantén en bastante mal estado de conservación e pode verse con dificultade a causa da maleza.

Este escudo de armas labrouse en pedra calcaria e está acuartelado pola cruz dos Ribadeneira. O primeiro cuartel ten unha divisa que ben puido ser un lobo dos Osorio; o segundo é imposible de ler; no terceiro aparecen unhas olas que podían pertencer aos Goyanes, e no cuarto suponse que un león, emblema dos Balboa.



# Igrexa parroquial de San Martiño de Laiosa

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

A igrexa atópase enfronte á Casa Pazo de Laiosa, polo que para chegar seguiremos as mesmas indicacións. Polo tanto a igrexa tamén se atopa nun outeiro desde o que se divisa un amplo paisaxe.

## ■ VISITA:

O recinto da igrexa e camposanto está pechado, dispoñendo dunha porta de acceso ao interior que soe estar

pechada, polo que xeralmente só pode verse desde o exterior.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

En bastante bo estado de conservación.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

### ■ DESCRICIÓN:

A igrexa parroquial é de amplas proporcións, pero de escaso interese artístico.

Está formada por unha nave de planta rectangular cos muros recubertos de cemento e branqueados, coa teitume de lousa sobre un armazón de madeira.

A fronte está coroada por unha torre que substitúe á primitiva espadana e a porta de acceso está formada por un arco de medio punto carente de impostas. O presbiterio está algo máis elevado e saínte que a nave, separado polo arco triunfal da capela maior, que está composta por un arco de medio punto e decorado mediante molduras e escocias.

O retablo maior é neoclásico e foi tallado a mediados/finais do XVIII. O ático, a semellanza do altar maior da igrexa de Goó, semella un cuarto de laranxa, e nel dous tramos de fornelas, que remata nunha talla de Cristo na Cruz e a cada lado un brasón heráldico con helmo e acuartelado alusivo a poderosas familias desta vila.

O retablo lateral esquerdo é unha interesante peza sen policromar, realizada a mediados do século XVIII e de estilo barroco. Conta con catro columnas salomónicas decoradas por acios e follas de parra.

Outra peza bastante boa é o púlpito, de pé estriado na base e decoración formada por debuxos de rodas radiais, ademais doutros motivos vexetais.

Na porta de acceso ao adro-camposanto hai unha lápida brasonada de mármore de O Incio. As súas divisas son os trece roeis dos Lemos en cuartel único; esta peza pétrea estaba colocada no interior do templo, fronte ao retablo maior e foi quitada ao realizarse unhas obras, para ser emprazada no seu lugar actual, servindo de chanzo de acceso ao camposanto. As divisas son as mesmas que existen na clave do arco da Casa Pazo de Laiosa, situada xusto enfronte ao templo.

No interior do recinto da igrexa atópanse dous cedros de grandes dimensións que se poden ver desde case calquera sitio de Laiosa.

# PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

---

## ➤ AS CASAS E OS ESCUDOS

- No Concello de O Incio atópase un bo número de casas señoriais repartidas por todo o seu territorio, aínda que como vimos nos núcleos anteriores, unha boa parte delas atópanse nas aldeas O Hospital, A Ferrería e Laiosa.
- A primeira das casas das que se ten constancia é a Casa Forte de Castragude, correspondente ao século XV, aínda que a maior parte son do século XVI e XVII a pesar das posteriores reformas e engadidos que desvirtuaron o valor destas edificacións.
- Hoxe en día algunha destas casas están habitadas e en bastante bo estado de conservación, aínda que o gran tamaño e a falta de reformas fai que outra boa parte das casas estean abandonadas e próximas á ruína.
- Nesta parte da Guía sinalamos as edificacións de maior interese e de maior singularidade, aínda que calquera das outras casas indicadas, así como outras algo máis modernas non incluídas, merecen a pena velas polo seu valor arquitectónico.
- Algunha destas casas tamén contan con escudos referentes ás familia propietarias que tamén son incluídos na Guía dentro da descrición da casa na que se poden localizar.

# Casa Pazo de Dompíñor

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Pazo

CASAS

PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO



## ■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - Dompíñor.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-642 ata O Hospital, onde nos desviaremos a man dereita pola estrada LU-653 en dirección A Pobra do Brollón. Algo máis adiante do km 17 atopamos o portalón que dá acceso á casa.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase bastante ben conservado.

## ■ ENTORNO:

O Pazo conta cunha gran parcela pechada, fronte ao Val do Incio, nunha terra moi fértil onde o gran xardín explota toda a súa frondosidade.

## ■ ÉPOCA:

Construído a mediados do século XV.

### ■ DESCRICIÓN:

Este é o pazo máis singular do Incio e atópase perdido no medio dunha enorme finca pechada en toda a súa extensión de alto muro de lousa e inzada de especies arbóreas centenarias entre as que destacan unhas preciosas faias.

Foi reconstruída en 1650 por Don Rodrigo Orozco y Losada sobre unha vella edificación que databa de 1495. Sufriu numerosas remodelacións ao longo dos anos, sobre todo en 1650 e 1750 e hoxe só conserva da orixinal a torre cadrada de tres plantas e algunhas pedras armeiras cos brasóns da familia.

A súa planta é en forma de ele coa súa fachada principal de tres alturas, na que se suceden ventaúcos na planta baixa; ventás na primeira e balcóns na segunda.

A casa conta cunha curiosa **capela** de planta semicircular, semellante ás antigas igrexas norueguesas, coa súa cúpula iluminada por lanterna e no interior un interesante retablo neoclásico con varias imaxes.

Tamén existe un **pombal**, semellante a outros do Concello, no recinto da casa.

A casa non se pode ver facilmente desde a estrada, polo que a mellor visión do conxunto pode observarse desde a subida que vai de San Pedro a Monteagudo.

Resulta complicado ver a capela e o pombal desde o exterior.

### **Escudo do Portalón da Casa de Dompíñor:**

Este escudo, do século XVII, atópase situado nun portalón unicamente decorativo que hai no xardín, xunto á vivenda. Está bastante ben conservado este brasón acuartelado en cruz, que conta, na parte inferior, cunha figura que parece un anxo, e as súas ás serven de sostén ao escudo.

### **Escudo da Casa de Dompíñor:**

Este escudo, tamén do século XVII, atópase na fachada sur da vivenda e en bo estado de conservación.

Na parte superior está timbrado con celada volta á esquerda, cuartelado en dúas partes iguais con dous leóns entre cruces.

# Casa Grande de Belesar

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

VILASOUTO - Belesar.

## ■ ACCESOS:

Para chegar ata a casa desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-644 ata preto do km 5, no final do núcleo de Laiosa, desviarémonos a man dereita cara a cabeza da Presa de Vilasouto. Por esta estrada chegaremos a un desvío, a man esquerda, que nos leva a parte baixa da presa. Ao chegar ao muíño debemos desviarnos á

esquerda polo camiño que nos leva ao núcleo de Belesar, tras pasar o río Mao (a uns 200 metros).

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase moi ben conservada.

## ■ ENTORNO:

Sitúase illada no entorno dunha gran pradería que se atopa baixo a presa de Vilasouto, no val do río Mao.

## ■ ÉPOCA:

Pertence ao século XVI.

### ■ DESCRICIÓN:

Esta Casa Grande forma parte dun conxunto formado pola capela, que actualmente se atopa en ruínas, os alpendres e o muíño situado ao pé río, onde se desvía o camiño de acceso á casa.

A edificación está feita con laxas de lousa e data de finais do século XVI na súa parte principal, aínda que conta con engadidos realizados nas seguintes centurias. É unha construción bastante rústica en forma de ele ensanchada no seu brazo longo polo patio, no que se recollen todos os cuartos e servizos dunha casa de labranza.

Chama a atención a súa entrada en bóveda de canón, integramente realizada en laxas de lousa e, sobre todo, destaca a impresionante galería (solaina) sostida por sete curiosas columnas cilíndricas de gran tamaño tamén de laxas de lousa, que se apoian directamente no chan e na soleira da solaina, sufrindo desde a parte inferior á superior unha progresiva diminución do seu diámetro.

Este raro tipo de columnas tamén aparecen noutros patios de casas de O Incio, en lugares como Vilarxoán, na Casa do Mao en Trascastro, na do Mourelo en Rousende ou na Casa Pazo de Calvos.

### **Escudo de guerreiro da Casa de Belesar:**

Este escudo de guerreiro, pertencente ao século XVII, está moi desgastado e atópase na fachada noroeste da casa, sobre o arco de acceso principal da vivenda.

Distínguese nel un posible guerreiro galaico, podéndose albiscar algúns elementos das vestiduras e do armamento.

Este escudo está realizado en mármore da zona e parece que, na súa orixe, foi unha lápida sepulcral que podería vir da próxima necrópole de Belesar.



# Pazo de Romariz

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

RENDAR - Romariz.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz de Incio tomaremos a estrada LU-642 con dirección ao Oural; ao chegar a Rendar, pasado o km 11, hai unha pista asfaltada a man dereita e a 500 m aproximadamente atoparemos Romariz.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Alterada aínda que ben conservada.

## ■ ENTORNO:

Atópase na zona máis elevada de Romariz, rodeado de arboredo e pasteiros, cunha ampla panorámica.

## ■ ÉPOCA:

Século XVII.

### ■ DESCRICIÓN:

Foi un dos pazos máis nobres do Incio, tanto polo conxunto da súa edificación, como pola vista que domina, como polo seu señorial e centenario soto e carballreira.

Foi obxecto de profundas reformas ao longo do século XVIII e XIX, pois derrubouse parte da súa primitiva fábrica e no seu lugar levantouse o actual edificio, moito maior, para ser empregado como aloxamento para o turismo rural. Hoxe en día é unha propiedade privada.

A súa arquitectura obedece a unha liña sobria cargada nun neoclasicismo alterado nalgunha parte por certa influencia barroca, o que se aprecia na capela, moi semellante á do Pazo de Dompniñor.

Este edificio é rectangular, de longas e grosas fachadas de dúas plantas, con ventaucos na baixa e balcóns cegos na alta (con gran balcón central con voo). Os esquinais dos muros, as marcacións das portas e ventás foron labradas en bos bloques de granito.

A súa torre cuadrangular sitúase nun dos laterais e, noutros tempos, empregouse como vivenda do mordomo, cos muros de lousa e tres corpos e teitume a catro augas soportada por unha cornixa.

Ten patio cuberto con amplísimo portalón flanqueado mediante sendas columnas cilíndricas feitas en laxa de lousa e rematadas en capitel.

Destaca a curiosa **capela** octogonal con cúpula, situada noutro ángulo da edificación, aínda que de difícil visita ao non poder acceder ao interior da parcela.

Tamén conta cun redondo **pombal** nunha finca próxima.

### ■ CURIOSIDADES:

Nesta casa viviu o matemático D. Juan Jacobo Durán Loriga, que pasaba grandes temporadas estivais nela, tempo que aproveitaba para a realización das súas investigacións.

Aínda que Romariz conserva na súa fachada un lugar para a colocación do escudo, este nunca se chegou a colocar.

# Pazo de Alvarado

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Pazo



## ■ LOCALIZACIÓN:

RUBIÁN DE CIMA - Rubián de Cima.

## ■ ACCESOS:

Desde a C-546 en dirección Monforte, debemos desviarnos a man dereita pola estrada LU-P-2501 que pasa por Barbaín antes de chegar a Rubián de Cima.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase en bo estado de conservación.

## ■ ENTORNO:

Esta casa atópase no núcleo de casas de Rubián de Cima, na súa parte máis

alta e cha. No entorno atopamos unha zona agraria con terras dedicadas a horta e pasteiros.

A casa atópase habitada na actualidade, polo que non poderemos acceder ao interior das dependencias do Pazo, aínda que desde o exterior se pode ver a grandiosidade da casa e do seu entorno.

## ■ ÉPOCA:

Século XVII.

### ■ DESCRICIÓN:

Os Sobrado edificaron neste lugar unha casa, filial do coñecido como Pazo do Tumbiadoiro. A casa, hoxe en día, é coñecido como Pazo de Alvarado por ser o apelido dos descendentes dos Sobrado.

A construción foi realizada no século XVII sobre o mesmo solar onde se levantara outra de menores dimensións. Posteriormente foi obxecto de ampliacións ao longo do século XVIII para quedar na actual construción.

O Pazo conta cunha estrutura formada dun só corpo cunha alongada fachada duns 20 m, dividido en dous andares cadrados cunha cuberta de lousa a catro augas.

A casa conta con outras dependencias a cada lado do corpo principal.

No lado esquerdo atópase a vivenda da servidume, hoxe bastante deteriorada, pero que aínda conserva unha impresionante lareira e da que se ve a gran cheminea desde o exterior.

No lateral dereito atópase unha **capela** bastante ampla e de planta rectangular e piso de lousa. É unha capela sinxela, cun bo retablo neoclásico e importantes imaxes. Conta con dous accesos, un desde o exterior, encima do cal tamén se pode atopar un **escudo**, e outro desde o interior da vivenda que dá ao coro.

A casa dispón de amplas terras de labradura na súa parte traseira, onde tamén se pode ver o **pombal** da casa.

Fronte a casa existe un singular e grande alpendre de pedra cos muros laterais formados de listóns de madeira que permiten unha boa ventilación para a conservación da herba.



👁 Capela do Pazo de Alvarado

# Casario de San Miguel

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - San Miguel.

## ■ ACCESOS:

Saíndo de A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-642 ata pasado o km 20, onde atoparemos unha pista asfaltada a man dereita que nos leva directo a San Miguel.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

O conxunto atópase bastante alterado desde a súa orixinal construción.

## ■ ENTORNO:

Levántase este casarío nunha paraxe illada das demais aldeas desde o que se divisa un amplo e bonito espazo con boas vistas panorámicas.

## ■ ÉPOCA:

Non sabemos a súa cronoloxía exacta.

### ■ DESCRICIÓN:

O tipo de casa que actualmente podemos visitar non ten nada que ver coa construción orixinal, posto que ata o século pasado este lugar estaba formado pola igrexa parroquial e unha amplísima casa reitoral.

O conxunto arquitectónico conta cunha distribución caprichosa, estando todas as dependencias unidas e intercomunicadas, deixando entrever certo desorde construtivo impropio dunha casa de labranza.

O que agora é a **capela** do Casarío, que se atopa en mal estado, foi anteriormente a igrexa parroquial, da que só queda a parte exterior, non conservando nin retablos nin imaxes, e o seu uso pasou a ser o de cuadra.

San Miguel contaba con igrexa ao ser, fai tempo, unha freguesía que abarcaba as aldeas de: A Pena, Barreiro, Dontide, Mazo, Monteagudo e Pacios e que incluía tamén as dezasete familias que neles habitaban.

San Miguel, tras deixar de ser parroquia, foi alleado pola igrexa pasando a mans particulares, que, ata o de agora, veñen explotando as súas praderías e demais terras para labores agrícolas e gandeiras.

Este lugar, ao atoparse nunha zona de montaña e, ao mesmo tempo, próxima ao río, sendo unha paraxe excepcional para ver moitos dos exemplos do patrimonio etnográfico e arquitectónico que se inclúen nesta Guía do Concello de O Incio.

Aquí atopamos exemplos de ouriceiras, alvarizas ou canais de rego, e tamén dunha excelente paisaxe autóctona mesturada coa actividade agraria.

# Casa de Veiga de Arriba

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

STA. MARIA DO MAO - Veiga de Arriba.

## ■ ACCESOS:

É fácil chegar desde a LU-641, xa que se encontra no quilómetro 7 de Veiga de Arriba.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Pouco alterada e moi ben rehabilitada.

## ■ ENTORNO:

Está ao lado da estrada e rodeada de fincas en pleno Val do Mao.

## ■ ÉPOCA:

A súa época non foi determinada.

## ■ DESCRICIÓN:

Trátase dunha vivenda de dous andares e baixo cuberta cadrados, rodeada de construcións auxiliares.

As fachadas son muros caleados e a cuberta é de lousa a catro augas. Mantívose sen moitas alteracións.

# Casa Amedo

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

A CUBELA - Amedo (Vilar da Vara).

## ■ ACCESOS:

Accédese desde a estrada C-546 (Lugo - Monforte), desde a que nos desviamos a man dereita pola estrada que nos leva a Vilar da Vara e a Fruxil á altura de Pacio do Río. Ao pasar Vilar da Vara cara a Fruxil pola estrada, encontrámola a pouca distancia.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase pouco alterado.

## ■ ENTORNO:

Trátase da única vivenda do núcleo, xunto coas construcións auxiliares

que a rodean, dentro dun entorno de pasteiros e moi próximo ao núcleo de Vilar da Vara.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

É unha casa de dous andares rectangulares, realizada con muros a base de laxas de lousa e con cuberta de lousa a catro augas. No primeiro andar os muros están revocados con morteiro de cemento (variación do orixinal) e no segundo, atópanse as ventás e unha bonita galería.

# Casa de Abeledo

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

A CERVELA - Abeledo.

## ■ ACCESOS:

Chegaremos pola estrada LU-M-24038, pasando pola casa anterior.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Pouco alterado.

## ■ ENTORNO:

Casario illado que se atopa nun entorno agropecuario de gran beleza.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

Formado pola vivenda principal e as construcións auxiliares, se ben existen actuacións que desvirtúan a fachada da vivenda, conserva os volumes orixinais, así como a estrutura do casario, o forno e o portalón de acceso, polo que aínda sería recuperable.

Existen no Concello de O Incio máis casas cun gran valor patrimonial, a pesar de que o paso dos anos fixo que moitas delas se abandonaran e deterioraran ou se lle fixeran reformas que lle restaron valor ao conxunto orixinal.

Agora sinalamos outras casas que, a pesar de non poder visitar o seu interior, contan con características singulares que lles dan valor e merece a pena deterse a velas:

## ■ Casa Señorial de Pereira de Arriba

---

Esta casa que se atopa en A Cervela é o edificio civil con máis elementos barrocos de todo O Incio. Foi construída en 1774 sobre outra anterior por mandato de Don Manuel López Pallín y Zapata segundo consta nunha inscrición debaixo do brasón.

É unha casa nobre cun interesante **escudo** (difícil de ver desde o portalón) e dúas plantas cuadrangulares. Na parte posterior ten unha balaustrada feita de granito, ao igual que a cornixa e as marcacións de portas, ventás e esquinais.

A casa está bastante ben conservada e só pode verse desde o exterior da parcela, imposibilitando ver boa parte das partes que describimos.

Conta nun lateral, ao pé do portalón de entrada, cunha **capela** en mal estado de conservación dedicada a San Antonio. Merece a pena ver a súa singular ventá.

## ■ Casa Pazo de Calvos

---

É unha casa de comezos do XVII, que se sitúa no lugar de Calvos da parroquia de Vilasouto, atopándose en bastante mal estado de conservación.

Consta de dous andares bastante irregulares con muros de laxas de lousa e bloques de granito, aínda que conta con engadidos que alteran en boa medida a fábrica orixinal. Ten un amplo patio ou curral, descuberto nunha parte e con teitume na outra, que está soportado nun dos lados mediante unha columna cilíndrica moi semellante a outras do Concello.

Desde o curral destaca o arco de acceso á vivenda, semellante á que inicia a bóveda de canón de entrada da próxima casa de Belesar e que dá idea da contemporaneidade de ambas, sendo un amplo portalón en arco de medio punto que comunica cun pequeno baixo onde dúas portas, tamén en arco de medio punto

(e que son as máis antigas de toda a casa), dan paso ao resto do edificio. Nunha destas quedan aínda as primitivas follas coas súas ferraxes e cravos orixinais.

## ■ Casa Forte de Castragude

Foi unha das primeiras casas señoriais levantadas no Incio, á que accederemos desde Penaxubeira por unha pista estreita. Actualmente está convertida nunha casa de labor e moi modificada da estrutura orixinal.

Tomou o nome dun próximo castro e foi construída por orde de Don Pedro Díaz de Castragude ou Armesto, sobre outra máis antiga. Só queda dela a primitiva fábrica e a portada en arco de medio punto que dá acceso ao patio.

Tivo capela, que foi destruída polos franceses, e tamén, unha torre con escudo da que non existen restos ao derrubarse.

Conta a lenda que a casa foi destruída polos soldados de Napoleón, que a demoleron pedra a pedra en busca dun tesouro que se daba por escondido detrás dos seus muros.

## ■ Casa Forte de Guerra

Foi construída no século XVII polos Saco-Quiroga e sitúase no lugar de Vila de Mouros, ao lado da igrexa parroquial, aínda que non se atopa ben conservada e pode verse con dificultade a arquitectura do conxunto polo alto muro que pecha a finca.

O edificio componse da vivenda principal, de dous andares cadrados, muros caleados e unha ampla cheminea; e outra colindante, unida á principal mediante o peche dun gran patio intermedio, en cuxo muro se sitúa o portalón de acceso, coroado por un escudo de armas.

## ■ Casa dos Armesto ou Préstamo

É unha casa de grandes proporcións e dous andares, pertencente ao século XVII, na que se realizaron continuos engadidos e ampliacións que restan importancia á primitiva fábrica, propia dun pazo xa tardío.

Un dos elementos máis significativos é unha enorme columna cilíndrica, con lixeira forma cónica, que sostén boa parte do tellado que cobre o patio, feita a base de pequenas laxas de lousa asentadas en masa de barro.

A casa conta tamén con dous **escudos** sen ningún elemento decorativo que os rodee que están nunha mesma peza de pedra e separados por unha figura humana cos brazos levantados. Os escudos están sobre a porta que dá acceso á vivenda., aínda que non se aprecian demasiado

## ■ Casa do Mao

Esta casa, situada en Trascastro e pertencente ao século XVIII, conta cun forte peche de pedra con tres grandes portalóns de castiñeiro, un a cada lado do patio e outro na parte alta. Desde aquí poderemos ver parte dos xardíns e demais propiedades.

Conta cun singular patio, amplo, empedrado e cuberto na parte dereita por un tellado sostido por columnas cilíndricas. Na parte posterior exterior do edificio existe unha escalinata de lousa que facilita o paso á alargada superficie da vivenda e no lateral esquerdo da fachada hai unha soleada galería desde a que se accede a unha pequena terraza.

A continuación desta vivenda principal separada a uns 5 ou 6 metros, e como formando a base dun L atópase a casa de servizo ou caseiros, que nun dos seus extremos parece como se se apoiara a un castiñeiro centenario.



# PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

---

## ► A PARROQUIA E AS IGREXAS

- O Concello de O Incio conta con 28 parroquias e cada unha delas coa súa respectiva igrexa, a excepción da parroquia de Vilasouto que conta con dúas trala construción do Encoro de Vilasouto e o abandono da vella igrexa románica.
- A parroquia é unha división non recoñecida administrativamente, aínda que si socialmente, pois a poboación de cada lugar vai a misa segundo a igrexa á que pertence a parroquia, pois alí tamén soen posuír os nichos da familia.
- O Incio conta cunha obra excepcional do Románico pertencente aos séculos XII e XIII que corresponde coa Igrexa Parroquial de O Hospital do Incio empregada polos cabaleiros da Orde San Xoán de Malta e protexida na actualidade como Ben de Interese Cultural.
- Tamén podemos atopar outras sete igrexas con vestixios románicos, aínda que non todas conservan a estrutura íntegra polas posteriores reformas e podémolas atopar en diferentes estados de conservación.
- Tamén podemos ver igrexas como a de Pacios ou a de Eirexalba desde as que podemos observar unhas panorámicas excepcionais, ou igrexas como a de Noceda ou a de O Viso, que foron levantadas sobre outras construcións previas, neste casos sobre castros.

# Igrexa de Santa María do Mao

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

SANTA MARÍA DO MAO - Santo Eufasio.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-641 que nos levará a Samos ata Veiga, onde debemos desviarnos a man dereita pola estrada LU-P-5711 ata chegar a Santo Eufasio, onde atoparemos a igrexa e casa reitoral, unha enfronte da outra.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

A igrexa está alterada, aínda que en

bo estado de conservación.

## ■ ENTORNO:

Sitúase enfronte da casa reitoral, preto do río Mao, en pleno val do mesmo nome, e algo separada das casas da aldea, formando un único conxunto, visible desde a estrada, coa Casa Priorato.

## ■ ÉPOCA:

Século VIII ou IX.

### ■ DESCRICIÓN:

É unha igrexa de estilo **Románico** rodeada por un muro rectangular, está algo soterrada e ten un orixinal adro-camposanto cuberto. Na igrexa aínda quedan restos de columnas e doutros elementos dun primitivo templo románico, que posiblemente provén dun período visigótico que fose adaptado ao incipiente románico.

A igrexa ocupa o centro dun enorme soportal corrido que cobre e acouta o camposanto, que está sostido por catro columnas de pedra que se asentan sobre unhas rudas basas para rematar en sinxelos capiteis. É algo máis ancho que a nave e pecha todo o recinto pola parte frontal. A mesma disposición de pórtico corrido atopámola en San Román e San Salvador de Mao. Chaman a atención os enterramentos exteriores.

Resulta moi singular este tipo de camposanto que conta cos nichos e sepulturas dispersos ao redor de toda a igrexa e cubertos en torno a ela formando, desde o exterior, unha única edificación.

A igrexa é de planta rectangular cuberta a dúas augas reforzada con sete vigas tirantes. A nave comunica co presbiterio mediante un arco triunfal de medio punto sinxelo e carente de motivos ornamentais.

Na capela maior o seu piso está algo máis alto que no resto, a cuberta é a cinco planos pola teitume e na parte interior un sinxelo artesoado de madeira. Unhas sinxelas ventás seteiras facilitan a iluminación interior.

No interior atopamos o retablo maior, que é unha interesante peza renacentista, formado por dous corpos e seis fornelas separadas por columnas de estrías, con abundantes motivos. A portiña do sagrario ten un ben logrado relevo de Cristo resucitado pisando a tumba. No banco do altar existe unha representación do sol e da lúa, os dous enmarcados con estrelas.

As tallas teñen un certo valor patrimonial, entre as que destaca a imaxe de Santa María, unha escultura de San Eufrasio, Santa Bárbara e un interesante grupo escultórico que representa a Xesús na cruz coa Virxe e María Madalena.

Interesante peza é a cruz parroquial, feita a comezos do século XVII en prata.

## O SEPULCRO DE SAN EUFRASIO:

No interior desta igrexa está enterrado San Eufrasio, un dos sete varóns apostólicos (o que foi primeiro bispo de Andújar), despois de que os seus restos foran traídos desde Jaén por monxes que fuxían da invasión musulmán para ocultoalo.

No centro da nave existen dúas lápidas que cobren o sepulcro de San Eufrasio. Na pedra superior nótase unha inscrición alusiva ao traslado dalgunhas reliquias no 1956. Un pequeno piar moderno sustenta na cabeceira da sepultura unha talla barroca do Santo.

Con anterioridade ás últimas reformas o sepulcro de San Eufrasio estaba protexido por unha artística reixa de ferro obxecto de estudo por Ernesto Iglesias Almeida.

Cando se realizaron labores de rehabilitación na igrexa atopouse dentro da ábsida os restos do que puido ser o primitivo santuario. Trátase dun pequeno cuarto de 4 x 4 metros, onde o santo seguramente estivera enterrado antes da súa actual localización.

Conta a lenda que os cristiáns andaluces, varridos polos alfanxes dos mouros fuxiron ao norte polo ano 700 cos restos do santo bispo. Chegada a expedición a O Incio, o burro que portaba os restos detívose ante unha silveira e negouse a avanzar, así que nese lugar déuselle sepultura e levantouse a primeira versión desta igrexa.

Tamén existen moitas historias referentes aos milagres realizados polo santo, como o caso da curación dun paralítico na véspera da festa do santo. Tamén se conta que, durante a Guerra Civil, de todos os soldados que foron á fronte desta parroquia só houbo que lamentar a baixa dun sarxento morto e dous desaparecidos.

A primeira noticia escrita do culto nesta comarca lucense a San Eufrasio aparece nun documento asinado polo abade de Samos a comezos do século XV.

Na actualidade a festividade deste Santo celébrase o día 15 de maio.

# Casa Priorato ou Casa Reitoral

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Civil - Casa



## ■ LOCALIZACIÓN:

Atópase restaurada, aínda que non de forma integral.

## ■ ACCESOS:

A casa atópase fronte ao camposanto e á igrexa parroquial de Santa María do Mao, rodeada de fincas e preto do río Mao.

## ■ DESCRICIÓN:

O Priorado de San Eufrasio inaugurouse polo abade de Samos Gabriel de Cervela en 1604 e foi antiga residencia de monxes beneditinos, dependentes de Samos.

A casa que chegou a nós ten dúas plantas cadradas e faiado. A cuberta é

de lousa sobre armazón de madeira a catro augas. Conta con grosas paredes construídas con laxes de lousa. No muro que dá á cociña aínda conserva unha galería de madeira.

A porta de entrada facilita o acceso ao amplo patio e en torno ao mesmo están distribuídas as cuerdas, forno e outras dependencias. Desde a planta baixa accédese ao piso alto mediante unhas amplas escaleiras feitas con grosas táboas de castiñeiro e pasamáns, onde se atopaba un arquivo e a biblioteca (actualmente sen fondos). Na fachada principal atópanse dous brasóns coas divisas do abade e as armas do Mosteiro de Samos.

# Igrexa de San Salvador do Mao

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

S. SALVADOR DO MAO - San Salvador.

## ■ ACCESOS:

Para chegar desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-641 ata Veiga de Arriba, onde nos desviaremos a man dereita cara a San Eufrasio. Á altura de Saa, iremos pola dereita cara a Rousende – Vilaverde, onde colleremos a LU-P-2506 cara a San Salvador.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Rehabilitada.

## ■ ENTORNO:

A igrexa atópase a man esquerda da estrada segundo chegamos, a unha menor cota, polo que para chegar baixaremos andando polo lugar de San Salvador, que, pola pendente do entorno, apíñase en torno á súa igrexa.

## ■ ÉPOCA:

Século IX.

### ■ DESCRICIÓN:

Este templo mosteiral, hoxe igrexa parroquial, conta cunha estrutura románica que pode considerarse case completa, aínda que está bastante mutilada a consecuencia de varias reformas levadas a cabo na súa fábrica. Do conxunto orixinal só nos chegou a igrexa e unhas cantas ruínas do que fora a casa reitoral.

A igrexa románica dependía do mosteiro de Samos mediante doazón real efectuada polo Rei Vermudo II o 30 de xullo do 991.

Consta dunha nave rectangular con cuberta de lousa a dúas augas sobre recias vigas e armazón de madeira, cunha espadana de dous vans máis grandes para as campás e un terceiro para o campanil.

O frontal con portada remata en arco de medio punto sen impostas nin arquivoltas, exenta de tímpano, conservando a cada lado bloques de granito que teñen decoración en círculos incisos, deducindo que no seu día formaban parte dun templo prerrománico.

Ao igual que as outras dúas igrexas do Val do Mao conserva o camposanto pechado por unha parede e cuberto, facendo a función dun claustro-deambulatorio.

No interior atópase o retablo maior renacentista, de mediados do XVII, do que destacan as esculturas dun Vía Crucis e as imaxes do Salvador e San Benito da mesma época que o retablo.

Os altares laterais son moito máis modernos e só destaca unha escultura de San Lucas e outra de San Antonio, de tipo barroco de mediados do século XVII, que posiblemente pertenceron a outro retablo que foi substituído polo actual.

## ■ Igrexa de S. Román do Mao

O templo parroquial crése que foi construído sobre outro anterior, cunha planta rectangular e cuberta a dúas augas. A espadana é de dous corpos, sendo o primeiro cego, e presentando o segundo dous ocos para sendas campás. O acceso faise mediante unha porta sinxela formada por arco de medio punto con pequenos elementos ornamentais.

A sancristía está fóra do templo, nun lateral do muro que pecha o adro-camposanto.

No interior o retablo é bastante sinxelo, formado dun corpo e con tres fornelas. As imaxes son de relativa calidade artística e son San Román e San Roque.

Esta igrexa, ao igual que as outras dúas do Mao, conta cun camposanto cuberto a modo de claustro-deambulatorio. Neste caso atópase cuberto a unha auga e máis baixo que a igrexa, circundándoa na súa totalidade a modo de claustro ou deambulatorio, tendo un amplo acceso formado por arco, que actualmente se atopa tapiado.

No mesmo lenzo queda un ventanal feito dun só bloque que moi posiblemente procede dun templo prerrománico.

# Igrexa de San Cristovo de A Cervela

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

A CERVELA - Airexe.

## ■ ACCESOS:

Desde a C-546 que vai de Lugo a Monforte, a uns 600 metros de Santa Cruz de Oural, fronte á fábrica de magnesitas, hai unha pista asfaltada a man dereita, que leva ata Rubián de Cima. Despois de deixar a igrexa de Rubián a man esquerda seguiremos ata A Cervela, onde, a man dereita, atoparemos o cruceiro e a igrexa.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase en bo estado de conservación e pouco alterado o conxunto.

## ■ ENTORNO:

Os nichos e un alpendre que protexen o acceso ao adro-camposanto impiden en boa medida o poder admirar a beleza arquitectónica deste sinxelo pero singular monumento románico.

## ■ ÉPOCA:

Románica.

## ■ DESCRICIÓN:

Esta é outra obra do **románico** que case chegou íntegra ata nós, a excepción da espadana, o soportal que protexe a entrada e a sancristía, todo reconstruído ao longo do século XVIII.

Tanto a nave como a capela maior son de planta rectangular con teitume a dúas augas e cuberta de lousa, soportada mediante un armazón de madeira reforzada por seis vigas tirantes. As paredes laterais son de laxas de lousa recubertas por unha capa de cal. Separa a nave da capela maior o arco triunfal, de medio punto dobrado e de aresta viva.

A portada está formada por arco de medio punto con dúas arquivoltas de baquetón rematadas na parte exterior por outra máis sinxela e ornamentada mediante una cadea de bólas continuas; estes arcos abrazan e resgardan o tímpano, que no seu centro ten esculpido un círculo que inscribe unha cruz patada.

Sobre a porta principal rompe a fronte unha ventá de escasas proporcións que remata en arco semicircular de touro, e decorado por unha moldura xadrezada.

A igrexa conta cun singular pórtico frontal, que dá acceso ao recinto, ben conservado, aínda que este mesmo non deixa ver demasiado ben a preciosa fachada románica.

No interior atopamos un retablo moi sinxelo, carente de valor artístico, sobre o que hai unhas sinxelas imaxes que foron esculpidas a mediados do século XVII. Tamén atopamos a cruz parroquial, que é de prata con relevo en cada cara. Esta interesante peza foi comprada en 1603, segundo o gravado que aparece nela, polo cura, quen, para a súa adquisición, vendeu rendas do foro de Canedo.

Na igrexa románica de san Cristovo da Cervela tiñan capela propia os señores de Castragude, que estaba xunto ao arco triunfal ao lado dereito do altar. Na mesma foron enterrados varios membros da familia.

Celébrase nesta Igrexa a festividade de Santa Lucía, coincidindo co último domingo do mes de agosto. Destaca esta celebración pola realización dunha singular danza transmitida desde tempos ancestrais.

Os danzaríns portan arcos engalanados por multitude de pequenas tiras de cores (existe certa similitude cun danzarín pétreo que existe en baixorelevo do monumento romano de Bóveda) o que podería ser unha reminiscencia folclórica de orixe pagán, que co decorrer dos tempos foron adaptadas ás festas relixioso-populares.

O ritual comeza cando as imaxes saen do templo en procesión e os bailaríns dan comezo a unha serie de reverencias, que se acentúan ante a imaxe de Santa Lucía, comezando a danza mediante un constante zigzag, en torno a todas as tallas que saen no cortexo, deténdose este en varias ocasións, mentres os danzantes proseguen co ritual.

# Igrexa de Rubián de Cima

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

RUBIÁN DE CIMA - O Viso.

## ■ ACCESOS:

Desde a C-546 que vai de Lugo a Monforte, a uns 600 metros de Santa Cruz de Oural, fronte á fábrica de magnesitas, hai unha pista asfaltada a man dereita, que leva ata Rubián de Cima.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Bastante ben conservada.

## ■ ENTORNO:

A igrexa atópase no lugar de Airexe a poucos metros da pista e rodeada polo cemiterio e a casa reitoral.


## ■ ÉPOCA:

Románica.

## ■ DESCRICIÓN:

A igrexa parroquial conserva gran parte da súa primitiva fábrica **románica**, principalmente na fronte, nave e capela maior, e ten ademais algúns elementos con certa influencia do prerrománico, aínda que foron realizadas reformas posteriores, dándolle maior altura á ábsida.

A nave presenta planta rectangular realizada con muros de pedra labrada. A fachada principal está abucinada por tres arquivoltas exentas de decoración. O tímpano carece de adornos. Dez modillóns de factura ruda e algo biselados soportan o maior peso da cuberta formada por recio armazón de madeira e lousa, reforzado a través de tres vigas tirantes. A porta de acceso principal ten arco abucinado mediante tres arquivoltas superpostas e lixeiramente apuntadas na clave.



Na reforma que afectou principalmente a capela maior foi respectada a ventá-seteira (actualmente tapiada), formada por unha soa arquivolta asentada sobre sendas impostas decoradas con picos xustapostos e pequenos trazos lineais oblicuos; unha das partes máis interesantes desta ventá son as columniñas rematadas en capiteis decorados por distintos motivos; o da esquerda con aves afrontadas e o da dereita ten caras humanas. Pola forma do arco e os motivos decorativos, é moi probable que este ventanal sexa unha reminiscencia dun primitivo templo prerrománico.

O primitivo campanario e, en boa medida, a capela maior foron derrubados para facer outras obras que datan de mediados do século XVIII, presentando actualmente un bo estado de conservación, lucindo boa pedra labrada de granito nas partes máis nobres e pezas irregulares no resto.

No interior atopamos un humilde retablo de ampla decoración barroca, formado por un só corpo e ático, catro columnas decoradas con acios delimitan os espazos destinados ás fornelas, nas que se atopan boas imaxes que tanto unhas como outras pertencen ao século XVIII.

Na sancristía consérvanse unhas interesantes imaxes que datan dos séculos XV e XVI.

# Igrexa Parroquial de Goo

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

GOO - Goo.

## ■ ACCESOS:

Sairemos de A Cruz do Incio pola estrada LU-642 en dirección ao Oural ata chegar, pasado o km 9, ás primeiras casas de Goo ao pé da estrada, onde debemos desviarnos a man esquerda e cruzar o núcleo de Goo, ata que fóra da aldea atoparemos a igrexa.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase ben conservada.

## ■ ENTORNO:

Esta construída nun solitario paraxe que agora está convertido nun frondoso souto de castiñeiros.

## ■ ÉPOCA:

Século XII (Románico).

## ■ DESCRICIÓN:

A igrexa parroquial é unha humilde construción que obedece aos canons dun románico tardío, pero carente dunha arquitectura sobria propia dos templos da época. A primitiva fábrica mantense en bastante bo estado e sen ter sufrido alteracións de importancia, a excepción da fronte, onde o vello campanario foi cambiado a mediados do XVIII por outro de traza “modernista” naquelas datas. Tamén existen reformas semellantes no acceso principal, séculos atrás.

É de planta rectangular, cos muros feitos de laxas de lousa e rematados por unha cornixa corrida sobre modillóns biselados. En cada lateral hai sendas ventás rematadas en arco de medio punto con amplo derrame interior. Pódese admirar o arco triunfal que parte dunhas pilastras lisas e remata en arco de medio punto; mentres que a ábsida pola súa parte exterior atópase reforzada por seis contrafortes levantados ao longo do seu perímetro. A sancristía é moi posterior ao templo e constitúe un mero pegote ao mesmo.



A pobreza dos materiais empregados e unha case total ausencia de motivos decorativos chocan notablemente coa riqueza artística e ornamental dos seus retablos.

No interior atopamos o retablo maior que ocupa toda a parte posterior da ábsida á que se adapta totalmente. Consta de 5 fornelas separadas entre ambas por seis columnas salomónicas. Caracterízan un puro estilo rococó, que posiblemente foi tallado cara os primeiros anos do século XVIII.

Atópase un interesante sagrario cunha portiña que ten unha representación do Agnus Dei e anxeletes.

O retablo lateral esquerdo, ao igual que o maior, foi realizado sobre a segunda metade do XVIII, pero cunha decoración máis austera. Na parte inferior deste retablo atópanse unha serie de pequenas escenas da paixón do Señor.

Tamén se poden atopar no entorno uns castiñeiros de grandes dimensións, así como un souto pechado onde se crían porcos celtas de forma cooperativa.

# Igrexa de Santa Cristina do Viso

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

O VISO - Santa Cristina.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio saímos pola estrada LU-642 con dirección ao Oural. Pasado o km 8, e antes de chegar ás primeiras casas de Buxán, colleremos por unha estrada a man dereita que nos levará directamente a Santa Cristina.

Para chegar ao castro debemos cruzar o lugar por rúas estreitas sendo recomendable non entrar con vehículos no núcleo.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Rehabilitada.

## ■ ENTORNO:

A igrexa atópase encima do Castro, nun outeiro moi cerca da confluencia entre os ríos Mao e Penalba. O entorno está ocupado pola aldea, terras de cultivo e praderías.

## ■ ÉPOCA:

Románico.

### ■ DESCRICIÓN:

A igrexa parroquial obedece ao tipo máis común de templo **románico**. Conserva en boa medida a súa fábrica románica, aínda que foi obxecto de reformas ao longo do século XVII e XVIII.

Aínda que non ten demasiado interese (conserva, iso si, a traza románica) a súa importancia está en que se atopa no alto dun castro de resonancias históricas e míticas: os historiadores cren que aquí estaba o “castellum qui vocatur Sancta Cristina”, onde a principios do século IX os exércitos galegos exterminaron aos cincuenta mil sarracenos de Mahamut de Mérida.



Esta é unha sinxela construción de planta rectangular para o que se empregaron laxes de lousa asentadas sobre barro nos seus muros e cunha cuberta a dúas augas con armazón de madeira e lousa, reforzada por catro vigas tirantes que descansan sobre uns rudos modillóns, que teñen esculpidas figuras humanas, cuadrúpedes e debuxos xeométricos, dos que destaca un no lateral norte da nave que ten nunha das súas caras varias figuras humanas, que representan unha escena de cacería.

A primitiva fronte foi substituída por outra a mediados do século XVIII, desaparecendo en boa medida a obra románica, ao mesmo tempo engadíronlle un feo cuberto de lousa a tres augas.

No interior podemos ver o retablo maior de finais do século XVIII, formado dun só corpo e ático, que é unha transición do barroco ao neoclásico. Neste destaca unha escultura de Santa Cristina co libro e palma. Outra peza interesante é unha talla dun pelicano.

Nos lenzos laterais hai senllos retablos que pertencen á mesma época que o maior, atopándose no esquerdo unha boa imaxe da Virxe co Neno.

Támén existe un cáliz de prata cicelada, moi sinxelo, cunha inscrición que o data no 1.827.

No camposanto da igrexa, segundo se entra no recinto pechado a man esquerda, descansa o poeta de O Incio Lois Pereiro, recentemente homenaxeado no Día das Letras Galegas.

# Igrexa de San Mamede de Vilasouto

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

VILASOUTO - Vilasouto.

## ■ ACCESOS:

Iremos pola estrada LU-644 desde A Cruz do Incio a Pacio de Veiga, xusto antes do km 5, no núcleo de Laiosa, desviarémonos a man dereita pola pista que pasa por Belesar e cruzaremos a cabeza do encoro ata chegar a A Illeira, onde pasaremos por diante da igrexa nova e pegados á auga represada para chegar á igrexa vella.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase practicamente en ruínas.

## ■ ENTORNO:

O pantano de Vilasouto afectou á súa estrutura e ao seu futuro, xa que se atopa ao lado dunha casa reitoral en ruínas e sen actividade.

## ■ ÉPOCA:

Posiblemente foi construída a mediados do século XII (Románico).

## ■ DESCRICIÓN:

En Vilasouto existen dúas igrexas moi próximas entre si, atopándose a máis antiga abandonada e en estado ruinoso. No mes de xuño de 1936 ardeu e aos poucos días comezou a restauración polos veciños do lugar. Dise que o incendio foi intencionado, debido ao momento político, e destruíu totalmente a cuberta e os retablos, que eran de estilo barroco. Despois de temer polo seu emprazamento cando se construíu a Presa de Vilasouto, foi finalmente, no ano 1970, cando o templo foi relegado das súas funcións definitivamente.

A antiga igrexa era románica, época da que conserva unha rústica porta na súa fronte. O resto da fronte, incluído o campanario, é de estilo barroco; realizado en boa pedra labrada de granito, protexendo o conxunto un cuberto a catro augas sostido por catro columnas pétreas.

Nave de planta rectangular que está dividida en dúas mediante unha serie de columnas graníticas de boa factura que rematan en capiteis con abundantes elementos decorativos.

O interior está baleiro na actualidade, pero contiña unha pía bautismal de amplas proporcións que denota ser bastante primitiva, e unha pía de auga bendita, probablemente románica, que posiblemente foi de bautismo.

O piso está recuberto por taboleiros de castiñeiro, que cobre restos de antigas sepulturas.

A igrexa atópase fronte ao encoro de Vilasouto, moi preto dunha área recreativa e do petróglifo do Agro do Pepe da Ferrería. Moi cerca está o núcleo de Vilasouto que conta cunha arquitectura singular.

### **Igrexa nova de Vilasouto:**

O novo templo foi construído, a consecuencia de facerse a presa, no lugar de A Illeira e segue o estilo máis tradicional dos templos rurais.

Esta é unha ampla e moderna nave de forma rectangular con lenzos de laxas e marcapedras en portas, ventás e remates dos muros en boas pezas de granito. A teitume a dúas augas é soportada por unha armadura de madeira que descansa sobre unha cornixa de granito.

No lateral sur, atópase unha pequena sancristía pegada, que conta coa cuberta a unha vertente e con ventanais, o mesmo que o resto do templo, en arco.

Trouxéronse do templo antigo algunhas tallas realizadas en 1937 polo escultor Lastres.

# Igrexa Parroquial de San Pedro

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - San Pedro.

## ■ ACCESOS:

Iremos pola estrada LU-644 desde A Cruz a O Hospital, onde tomaremos un desvío a man dereita pola estrada LU-653 que vai a Pobra do Brollón. Despois de pasar Dompiñor desviarémonos a man esquerda pola estrada que pasa por Saa e nos leva, ao cruzar a ponte do río Mao a man esquerda, á igrexa.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Non se atopa ben conservada.

## ■ ENTORNO:

A igrexa parroquial está nun outeiro rodeada polas augas do río Cabe, nun tranquilo paraxe poboado de árbores e prados.

Ao seu carón atópanse os dous medorros, o cruceiro e a presa de San Pedro.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

### ■ DESCRICIÓN:

O templo é unha obra de planta rectangular de grandes dimensión sen demasia-do valor arquitectónico, aínda que cun alto valor patrimonial, posto que no entorno atopamos a igrexa parroquial, a casa reitoral, o cruceiro, as dúas modorras, así como a presa de San Pedro, e paisaxístico, coa proximidade do Río Cabe e a mestura de vexetación de ribeira, soutos e pasteiros.

O templo é de planta semi-cadrada, formado por grosos muros de pedra recubertos de cal. A cuberta é de lousa sobre un armazón de madeira reforzado por tres vigas tirantes. Conta cunha curiosa clave, na que en relevo presenta a un presbítero. A espadana está feita con pedra calcaria labrada.

No interior, o retablo maior foi tallado en madeira de castiñeiro, pero nel gárdanse boas imaxes, das que destacan as esculturas que representan a San Pedro e a Cristo. O retablo lateral dereito é bastante anterior ao maior e nel destaca a talla da Virxe María co Neno Xesús, unha boa peza realizada a mediados do século XV.

O retablo lateral esquerdo é unha importante obra barroca, tallado a mediados do século XVIII, dun só corpo, con dúas belas columnas salomónicas e tres fornelas con ampla decoración. Da mesma época estímase que é o sagrario que presenta un bo relevo aos laterais con escenificación dos apóstolos.

O púlpito é de pedra e o cáliz de prata cunha inscrición que di: “S. Pedro del Incio”, a cruz parroquial conserva unha inscrición que a data no ano 1798.

Xusto ao lado da igrexa atópase a Casa Reitoral de San Pedro, nun estado de conservación moi malo, aínda que pode verse a ampla estrutura cadrada que formaba a construción.

A casa, que parece ser do século XVIII, está feita de muros de laxas de lousa tapadas con capas de cal e cunha cuberta de lousa a catro augas. Desde fai anos está abandonada e encamiñada á ruína.



# Igrexa de San Xoán de Noceda

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

NOCEDA - Airexe.

## ■ ACCESOS:

Desde a estrada C-546 (Lugo - Monforte), pasado o km 37, desviarémonos a man esquerda en Noceda. A igrexa sitúase por encima do lugar de Airexe.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase en bastante bo estado de conservación.

## ■ ENTORNO:

A igrexa parroquial coroa un outeiro, desde a que se divisa una ampla vista panorámica da depresión de Lemos. Está emprazada no Castro de Noceda.

## ■ ÉPOCA:

Principios do século XVI.

## ■ DESCRICIÓN:

A actual fábrica da igrexa foi edificada no mesmo lugar onde estaba o primitivo templo románico e do que non se conserva nada da súa estrutura, así como no anterior Castro de Noceda. O altar maior é barroco, sendo tallado a mediados do século XVII, e na capela lateral norte consérvase unha interesante imaxe da Virxe co Neno ofrecéndolle unha mazá realizado entre os anos 1500 ao 1520.

A pila bautismal seguramente sexa a mesma que había no templo románico.

# Igrexa de San Xoán de Sirgueiros

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

SIRGUEIROS - A Campa.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-642 pasado o km 11 hai unha pista asfaltada a man dereita que nos levará ata A Campa. Podemos continuar pola estrada que pasa pola igrexa, aínda que se recomenda visitar o núcleo sen entrar con vehículos.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Non se atopa en perfecto estado, pero si ben conservada.

## ■ ENTORNO:

Foi edificada sobre nunha lomba desde

a que se domina un amplo espazo e se contempla a fermosa paisaxe agraria.

## ■ ÉPOCA:

Construída a finais do século XVII.

## ■ DESCRICIÓN:

O templo parroquial foi construído cara a finais do século XVII e principios do XVIII, no mesmo lugar que ocupou outro máis pequeno, probablemente románico ou máis primitivo (podería ser incluso un xacemento arqueolóxico).

O conxunto arquitectónico é de pouco valor, con varias construcións en ruínas no acceso ao recinto.

# Igrexa de Santa María de Eirexalba

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

EIREXALBA - Castro.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos en dirección Pacio do Río pola LU-644 ata pasar o km 9, no que atoparemos un desvío a man dereita en dirección As Cortellas. Despois de pasar este núcleo e o Redondo acharemos un cruce a man dereita que nos pode levar á igrexa, á capela ou a aldea de Castro.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

A igrexa atópase en bo estado e rehabilitada fai uns anos.

## ■ ENTORNO:

Este templo destaca pola súa localización e o entorno que o rodea, pois ao atoparse nun lugar alto, illado

das aldeas circundantes, conta cunha zona de ampla visibilidade, desde a que se divisa unha bonita paisaxe e as augas do encoro.

## ■ ÉPOCA:

Aproximadamente século XVI.

## ■ DESCRICIÓN:

A igrexa parroquial é unha sinxela construción de planta rectangular sen demasiado valor arquitectónico, aínda que no interior si podemos atopar algunha peza de interese, como pode ser o retablo maior que é barroco, con ampla tendencia ao incipiente renacemento, con imaxes de mediados do XVII e un interesante sagrario ou os retablos laterais onde atopamos imaxes do XVI ao XVII de certo interese.

# Igrexa de Santa María de Pacios

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

PACIOS - Pacios.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio debemos ir pola estrada LU-642 en dirección ao Oural ata pasado o km 5, onde nos desviaremos a man dereita para ir á igrexa.

Xusto antes atoparemos un cruce a ambos lados, polo que a man dereita chegaremos ao núcleo de Pacios, pero esta estrada non pasa pola igrexa, salvo que ao chegar ás primeiras casas nos desviemos a man esquerda.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase ben conservada e rehabilitada.

## ■ ENTORNO:

Destacamos esta igrexa pola súa localización, xa que se atopa construída nunha ampla paraxe illada de casas e rodeada de pasteiros que permite ver unhas panorámicas moi boas.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

Trátase dun humilde templo rural, dunha arquitectura máis ben pobre, e carente de elementos ornamentais, onde só destaca un bo conxunto escultórico formado por unha imaxe da Virxe María co Neno de comezos do século XVIII. Outra interesante peza de ourivería é un cáliz de prata cicelada.

# Igrexa de Santa Cruz do Incio

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Igrexa



## ■ LOCALIZACIÓN:

SANTA CRUZ - A Cruz do Incio.

## ■ ACCESOS:

A igrexa atópase no núcleo urbano de O Incio, polo que para chegar ata ela debemos seguir ata a praza onde se sitúa no lado esquerdo do cruce que nos leva a Foilebar.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Ben conservada.

## ■ ENTORNO:

Atópase no núcleo de Santa Cruz do

Incio, no lugar onde se localizaba a desaparecida capela de Santa Cruz.

## ■ ÉPOCA:

Construída en 1961.

## ■ DESCRICIÓN:

Esta singular igrexa é a máis recente do Concello de O Incio, pertencente á parroquia tamén máis moderna, de aí que o núcleo de A Cruz sexa tan pequeno en relación con outras capitalidades municipais.

## ■ Igrexa de San Xián de Santalla

Está construída ao noroeste de Santalla, nun outeiro onde son abundantes os castiñeiros centenarios e un tanto illada da aldea.

O actual templo é unha obra barroca, erguida sobre os cementos dunha primitiva igrexa románica, da que só perdura o acceso principal, limitado a un bo número de bloques que forman un arco de medio punto con tres arquivoltas.

A Igrexa é de nave rectangular e con teitume a dúas augas con lousa sobre armazón de madeira reforzado mediante vigas tirantes, coa porta de acceso rematada en arco de medio punto situada no lenzo lateral norte. Os muros laterais están caleados.

Conta cun retablo maior sen apenas interese artístico, de estilo totalmente neogótico, e no mesmo, algunhas tallas das que destaca a de San Julián e a Inmaculada Concepción, ambas dunha factura moi popular, datando de comezos do XVIII. Merece a pena conservar a mesa cómoda que se atopa na sancristía.

Non merece demasiado a pena a visita á igrexa.

## ■ Igrexa de Vila de Mouros

Para chegar á igrexa viremos de Sarria pola C-546 e, á altura de O Túnel, desviarémonos a man esquerda ata chegar a Vila de Mouros. A igrexa atópase ben conservada aínda que con moitas reformas da orixinal.

Trátase dun sinxelo templo románico, construído con bos muros de granito na fronte e partes nobres, mentres que o resto está construída con laxas de lousa. É de nave rectangular, cuberta a dúas augas con armazón de madeira e lousa, reforzado por tres vigas tirantes. Na parte lateral norte conserva dúas ventás de amplo derrame interior, que se atopan rematadas en arco de medio punto.

A fronte foi a parte que máis remodelacións sufriu, desaparecendo na súa maior parte a primitiva obra románica e a mesma sorte correu o campanario que foi derrubado no 1750 para facer o actual.

O retablo maior é neogótico e de escaso valor artístico, pero conserva boas imaxes, das que destaca San Miguel, con dragón aos pés, e un grupo escultórico formado pola Virxe e o Neno, do século XVII.

Máis importante é o lateral esquerdo, barroco, dun só corpo e con catro columnas salomónicas decoradas por acios; ten tres fornelas e as tallas de San Cayetano e a imaxe da Virxe co Neno. É unha interesante obra realizada no século XVII.

## ■ Igrexa de Santa Eulalia de Trascastro

É esta unha igrexa parroquial que obedece ás características das construcións rurais deste tipo, cun estilo barroco que deixa paso ao incipiente neoclasicismo, aínda que, neste caso, é bastante pobre.

A planta é rectangular, con muros de lousa, cuberta a dúas augas con pezas deste mesmo material e ampla fronte, con marcos de portas e ventás feitas con bos bloques de granito e unha espadana dun só corpo con dúas troneiras para as campás e un pequeno oco para o campanil, rematado por tres pináculos de granito.

No interior, o retablo maior é unha interesante peza renacentista que foi obxecto dunha desafortunada reforma con engadidos e modificacións na súa parte central. Destaca unha escultura da Virxe María sentada co Neno, do neogótico inicial de finais do XIV.

## ■ Igrexa parroquial de Vilarxoán

Esta igrexa atópase á entrada de Vilarxoán, por debaixo da estrada, e mantense en bastante bo estado de conservación, destacando pola situación máis que pola súa arquitectura.

Existiu unha primeira igrexa nesta freguesía que foi construída no 1007, polo presbítero Quindulfo e a monxa Guntrade, pero non chegou a nós resto algún.

A actual é un humilde edificio de planta rectangular e cuberta de lousa sobre armazón de madeira reforzado por catro vigas tirantes, e algúns engadidos posteriores, entre eles a sancristía.

No interior, o retablo obedece a un barroco moi avanzado, pero denota ser tallado por bos artesáns. Destacan dúas pezas de ourivería: un copón e un cáliz de prata.

## ■ Igrexa de Santa María de Rendar

Trátase dunha igrexa que se atopa no núcleo de Airexe. Conta con planta rectangular con muros recubertos por unha capa de argamasa e cunha cuberta a dúas augas de lousa sustentada por un armazón de madeira reforzado con cinco vigas tirantes.

No interior, o altar maior foi tallado a mediados do XVIII e ten catro columnas ben realizadas e con abundante decoración que dan elegancia ao conxunto. Os retablos laterais son de pouco mérito artístico e as imaxes de algo máis valor patrimonial, pertencentes ao século XIX.

Merece especial atención un cáliz de prata de ancha base con catro querubíns e decoración xeométrica. Esta peza foi doada no 1586 polo Cabildo de Lugo á igrexa de Rendar

# PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

---

## ► AS CAPELAS

- Este tipo de construcións, pertencentes ao patrimonio arquitectónico relixioso, son, polo xeral, pequenas edificacións de pedra, aínda que moitas veces cos muros cubertos de formigón e pintados, e cuberta de lousa, na que se fai culto a algunha virxe ou santo.
- Podemos atopar na actualidade unhas vinte capelas repartidas ao longo do territorio do Concello, aínda que en tempos pasados foron máis, xa que capelas como a existente en A Cruz do Incio, previa á igrexa parroquial, ou a de Santa Mariña, no lugar que hoxe está a lagoa e o tempo do tempo, foron desaparecendo ou desprazadas cara a outros lugares.
- Existe un bo número de capelas vinculadas a vivendas, como poden ser as capelas do Pazo de Romariz, a da Casa Grande de Belesar, a do Pazo de Alvarado, a do Casarío de San Miguel ou a da Casa de Pereira de Arriba en A Cervela. Tamén podemos atopar en Buxán e Pacios outras pequenas capelas ligadas a vivendas.
- Outras capelas contan cunha arquitectura rural moi singular e en lugares que destacan pola súa localización como poden ser a de Monteagudo ou a de Eirexalba.
- Aínda así atopamos estas edificacións en moi diferentes estados de conservación e cun uso diferente ao orixinal, xeralmente como cortes ou alpendres, polo que nesta Guía sinalamos as capelas máis interesantes para a súa visita.

# Capela de Teixeira

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Capela



## ■ LOCALIZACIÓN:

SAN SALVADOR DO MAO - Teixeira.

## ■ ACCESOS:

Para chegar desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-641 ata Veiga de Arriba, onde nos desviaremos a man dereita cara a San Eufrasio. Á altura de Saa, iremos pola dereita cara Rousende - Vilaverde, onde colleremos a LU-P-2506 en dirección a San Salvador. Un pouco antes chegaremos a Teixeira

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase en bo estado de conservación.

## ■ ENTORNO:

A capela está no centro da aldea, preto das vivendas, nun alto que fai o terreo.

## ■ ÉPOCA:

Esta capela é do século XV.

## ■ DESCRICIÓN:

É unha pequena construción con planta rectangular feita con muros de cachote e un pequeno soportal sobre dous piares que protexen o acceso á mesma. A teitume é a dúas augas sobre armazón de madeira e lousa. As tallas son sinxelas pero interesantes pola antigüidade; a principal é a imaxe da Virxe María co Neno e coroa de madeira, peza protogótica de comezos do século XV. Tamén destaca a escultura de San Pedro realizada a mediados do século XVI.

# Capela de Monteagudo

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Capela



## ■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - Monteagudo.

## ■ ACCESOS:

Iremos pola estrada LU-644 desde A Cruz a O Hospital, onde tomaremos un desvío a man dereita pola estrada LU-653 que vai a Pobra do Brollón. Despois de pasar Dompniñor desviarémonos a man esquerda pola estrada que pasa por Saa e nos leva, ao cruzar a ponte do río Mao a man dereita, a Monteagudo.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Rehabilitada.

## ■ ENTORNO:

A capela atópase illada antes de entrar

na aldea de Monteagudo a man esquerda, rodeada de arboredo. Sitúase preto do Pico de Santa Bárbara e do foxo do lobo, merecendo a pena o percorrido.

## ■ ÉPOCA:

Século XX.

## ■ DESCRICIÓN:

Trátase dunha bonita e pequena capela de planta rectangular e cuberta de lousa a dúas augas sobre madeira. Sobresae no frontal un soportal formado pola prolongación dos muros laterais.

A capela conta cunha pequena espadana cun van, con porta con lintel de madeira e dous pequenos portóns a cada lado do principal.

# Capela da Virxe da Ermida

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Capela



## ■ LOCALIZACIÓN:

EIREXALBA - A Ermida.

## ■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos en dirección Pacio do Río pola LU-644 ata pasar o km 9, no que atoparemos un desvío a man dereita en dirección As Cortellas. Despois de pasar este núcleo e o Redondo atoparemos un cruce a man dereita que nos levará á igrexa, á capela ou a aldea de Castro.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Rehabilitada.

## ■ ENTORNO:

A capela está rodeada por un muro de pouca altura feito con laxes de lousa,

e situada fronte a unha casa e ao lado dun gran hotel (hoxe pechado), desde o que se chega á Presa de Vilasouto.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

Trátase dunha pequena ermida rehabilitada, de nave única rectangular, cuberta de lousa sobre madeira con vigas tirantes, cunha sinxela espadana dun van con oco para unha campá. A porta está enmarcada por bloques de granito.

Cóntase que a pedra desta capela está labrada de forma semellante á da igrexa, polo que se pensa que podían pertencer a un templo anterior.

# Capela de San Antonio de Reboiro

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Capela



## ■ LOCALIZACIÓN:

REBOIRO - Castro de Abaixo.

## ■ ACCESOS:

Para chegar desde A Cruz do Incio ata a capela, debemos ir pola estrada LU-641 ata o km 8, onde se atopa a aldea de Lebón. Alí debemos xirar a man dereita que nos levará ao lugar de Castro de Abaixo.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Actualmente está mal conservada.

## ■ ENTORNO:

Atópase na parte baixa dunha ladeira, ao sur de Castro de Abaixo. Chégase a ela por unha pista de terra.

## ■ ÉPOCA:

Indeterminada.

## ■ DESCRICIÓN:

É unha sinxela capela de planta rectangular e estrutura semellante ás igrexas do Concello, aínda que en menores dimensións, que está dedicada a San Antonio.

Nela encontramos unha sinxela imaxe do santo ao que está consagrada e que é patrón do lugar.

# Capela de San Antonio en Dontide

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Capela



## ■ LOCALIZACIÓN:

HOSPITAL - Carralcova (Dontide).

## ■ ACCESOS:

Chegaremos desde A Cruz de Incio pola estrada LU-642 ata O Hospital, onde nos desviaremos a man dereita pola estrada LU-653 que vai A Pobra do Brollón. Pouco antes do km 17 atoparemos unha pista asfaltada a man esquerda (onde recomendamos deixar os vehículos) que nos levará a Dontide.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase bastante ben conservada e pouco alterada.

## ■ ENTORNO:

A capela levántase nun alto, cerca das vivendas de Dontide, ao que se chega por unha zona de soto espectacular.

## ■ ÉPOCA:

Indeterminada.

## ■ DESCRICIÓN:

É unha nave única rectangular cuberta de lousa sobre travesas de madeira. No frontal, espadana sinxela cun van para unha campá e cunha portada de acceso rectangular.

# Capela de A Ferrería

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Capela



## ■ LOCALIZACIÓN:

TRASCASTRO - A Ferrería.

## ■ ACCESOS:

Para chegar a A Ferrería debemos ir de A Cruz do Incio pola estrada LU-642 uns 7 km en dirección a O Courel, pasando por O Hospital.

Para entrar en A Ferrería debemos xirar a man esquerda e cruzar a ponte, onde é recomendable deixar o vehículo.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Ben conservada.

## ■ ENTORNO:

A capela atópase a carón do edificio do hotel balneario.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

É unha capela de semellantes características estruturais a outras do Concello, de planta rectangular e cuberta de lousa sobre vigas tirantes de madeira, porta rectangular e espadana dun van. Conta cunha única diferenza respecto a outras, que é un pequeno van sobre a porta.

No Concello de O Incio existiron máis de vinte capelas, unha boa parte delas pertencentes a casas señoriais, aínda que na actualidade algunhas fóronse abandonando e a outras déuselles novos usos (xeralmente agrarios), polo que ademais das anteriores sinalamos outras capelas singulares e que poden complementar algunha das visitas que realicemos polo Concello de O Incio.

## ■ Capela de Buxán

---

Atópase un pouco illada, na parte norte da aldea. Mal conservada.

Trátase dunha capela pertencente a unha casa particular, de andar e cúpula semi-circular como os primitivos templos noruegueses, gardando similitude coa ermida do Pazo de Dompniñor ou a do Pazo de Romariz.

Conta cun retablo barroco, de sinxelas formas, coroado por medallón.

As imaxes son de regular factura, destacando unha talla de Santiago peregrino e outra de San Miguel con dragón aos pés.

## ■ Capela de Pacios

---

A capela está na cara sur dunha das casas da aldea. Mal conservada.

É de planta rectangular, con acceso independente á vivenda. Os muros están feitos de laxas de lousa e a cuberta é unha prolongación a unha auga da vivenda, tamén de lousa.

## ■ Capela de Viloira

---

A capela atópase no centro da aldea, sobre un alto do terreo e rodeada de castiñeiros. Mal conservada.

É unha pequena construción cuberta a dúas augas e con porche de única vertente apoiado sobre os muros caleados. Porta con lintel corrido de madeira e verxas laterais tamén de madeira.

## ■ Capela de San Roque de Vilamor

---

Pouco alterada. Está situada no sector norte de Vilamor, ao lado do camposanto.

Consta dunha sinxela nave con muros caleados de cor branca e cuberta a dúas augas de lousa sobre vigas tirantes de madeira. O frontal conta con espadana de dous ocos para dúas campás e un máis pequeno encima para un campanil.

# PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

---

## ► OS CRUCEIROS

- Aínda que non é un Concello cun gran número de cruceiros, a súa singularidade fai necesario que nos acordemos deste tipo de construcións relixiosas.
- En O Incio existen na actualidade tres cruceiros, aínda que se ten constancia da existencia doutro en A Cruz do Incio, de semellantes características ao que podemos atopar en Vilamor.

# Cruceiro de Airexe

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Cruceiro



## ■ LOCALIZACIÓN:

A CERVELA - Airexe.

## ■ ACCESOS:

Desde a C-546 que vai de Lugo a Monforte, a uns 600 metros de Santa Cruz de Oural, fronte á fábrica de magnesitas, hai unha pista asfaltada a man dereita, que nos levará ata Rubián de Cima. Despois de deixar a igrexa desta aldea a man esquerda seguiremos ata A Cervela, onde, a man dereita, atoparemos o cruceiro.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Ben conservado.

## ■ ENTORNO:

Atópase na entrada da praza que dá acceso á igrexa.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

Levántase sobre un zócalo formado por tres chanzos; sobre o último álzase o pedestal, de forma cuadrangular.

Carece de fuste, e o capitel apóiase directamente sobre o pedestal, coroado por unha cruz de ferro.

# Cruceiro de San Pedro

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Relixiosa - Cruceiro



## ■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - San Pedro.

## ■ ACCESOS:

Iremos pola estrada LU-644 desde A Cruz a O Hospital, onde tomaremos un desvío a man dereita pola estrada LU-653 que vai a Pobra do Brollón. Despois de pasar Dompniñor desviarémonos a man esquerda pola estrada que pasa por Saa e nos levará, ao cruzar a ponte do río Mao a man dereita, á igrexa.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Chega ben conservado.

## ■ ENTORNO:

Atópase na beira dereita da pista que leva ata Barreiro e Pena, nun entorno de soutos por encima e o río Mao e os pasteiros na parte inferior.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

Este cruceiro, todo formado por pedra, levántase sobre unha plataforma feita con laxas de lousa; encima desta, o pedestal e unha sinxela cruz de pedra.

# Cruceiro de Vilamor

ARQUITECTÓNICO • Arquitectura Religiosa - Cruceiro



## ■ LOCALIZACIÓN:

SAN SALVADOR DO MAO - Vilamor.

## ■ ACCESOS:

Para chegar desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-641 ata Veiga de Arriba, onde nos desviaremos a man dereita cara a San Eufrasio. Á altura de Saa seguiremos recto cara a Vilamor.

## ■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Chéganos ben conservado.

## ■ ENTORNO:

O cruceiro está ao lado dun camiño, nunha finca particular, fronte á capela e ao camposanto.

## ■ ÉPOCA:

Descoñecida.

## ■ DESCRICIÓN:

Cruceiro de pedra levantado sobre zócalo situado nunha posición máis elevada que o nivel da terra, sobre o que se levanta a plataforma e o pedestal de forma circular. O fuste é circular con adornos e a imaxe do San Roque, o capitel ten forma cuadrangular e moldura, a cruz, sinxela, posúe as imaxes de Cristo e pola parte posterior a dunha santa.

# PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

---

## ➤ ARQUITECTURA POPULAR

- Existe unha gran cantidade de construcións cun certo interese e valor patrimonial que normalmente non foron valoradas como se merecen. Estas dan proba dos aproveitamentos e actividades que se daban no lugar, así como dos materiais máis habituais, e moitos outros detalles que pasan desapercibidos dunha primeira ollada.
- Ademais da singularidade que podemos atopar nas vivendas, como os corredores, balconadas, pasadizos aéreos,... que se observan nas diferentes aldeas, podemos atopar outras construcións vinculadas coas actividades das familias e coa súa forma de vida, que, de forma xeral, se atopan nas inmediacións das vivendas.
- No Concello de O Incio podemos atopar dous modelos diferentes de arquitectura popular, a de montaña, representada na zona do leste do Concello, e outra na depresión do Lemos, correspondente coa arquitectura de chaira, cos núcleos máis expandidos.

Sendo este Concello unha transición da zona de montaña á de chaira podemos ver como se atenúan estas singularidades dos diferentes tipos de arquitectura nun pequeno territorio.

## ■ DESCRICIÓN

A arquitectura popular está vinculada directamente á localización das aldeas, pois nas zonas montañosas atoparemos construcións totalmente diferentes das zonas de chaira. O mesmo sucede cos materiais empregados nas edificacións, principalmente lousa para muros e cuberta, xa que esta é a pedra máis abundante no Concello, ao igual que en boa parte da montaña lucense.

As vivendas atópanse moito máis condicionadas pola orografía nas zonas de montaña, polo que as súas edificacións son moito máis heteroxéneas que na chaira, onde son máis cadradas e amplas.



Nas zonas de montaña, onde vivían lobos ou osos, podemos atopar construcións como as alvarizas e os foxos que non se van encontrar en zonas máis baixas, a onde non se achegan estes animais. O mesmo sucede cos hórreos que se sitúan nas zonas de val pola capacidade de produción de cereais.

Destes elementos da arquitectura popular destacamos os seguintes:

**Os Fornos:** son, polo xeral, pequenas construcións en semicírculo que se atopan pegadas ás vivendas, nas que se cocía o pan que alimentaba ás familias.

Hai moitos destes fornos pegados a vivendas nas aldeas, pero sinalamos un en Santa Cristina e outro en Godral que se atopan a carón de hórreos, o primeiro máis grande e ruinoso e o outro con armazón de ladrillo.

**Os Alpendres:** son construcións próximas ás vivendas que se empregaban para gardar a herba seca que se recollía nas praderías para alimentación dos animais, especialmente nos meses de inverno no que o gando non saía ao exterior. Neste Concello xeralmente son construcións de pedra con cuberta de lousa.

Existe infinidade de alpendres ao longo do Concello pero destacamos o que se atopa en fronte do Pazo de Alvarado, polo bo estado de conservación, posto que outros non conservan tan ben a estrutura de madeira que permitía a ventilación da herba para a súa conservación.

**As Cabanas:** estas construcións de pedra e cuberta a dúas augas en lousa atópanse practicamente sen uso e localízanse nas zonas de praderías, habitualmente próximos a cursos de auga, onde se segaba a herba en verde para gardala nestas cabanas e ía subindo aos poucos segundo fose necesario. Moitas destas cabanas tamén se construían nos camiños a onde non chegaban os carros, xa que así gardábase a herba que non se podía carrear facilmente.

A zona de Lóuzara, no Concello de Samos, acumulaba un gran número delas, pero en Vilarxóan, ao pasar a curva do km 9 vemos unhas praderías con forte pendente na que se ven vargos, unha canle de rego e unha cabana en moi bo estado de conservación.

Ademais destas podemos atopar nos seguintes apartados outro exemplos de arquitectura popular máis singulares como os pombais, hórreos, lavadoiros, muíños,... que incluímos nas seguintes páxinas desta Guía.



👁 Alpendre (entorno Pazo Alvarado)



👁 Horreo en Santa Cristina